

PUBLICACIÓN
SEMESTRAL
DE ARTESANÍA
DE GALICIA

nº 1 agosto 2008

obradoiro de artesanía

- Expresión téxtil • Fundido en vidro • Pezas mestras
- Cicelar como estilo de vida • O 'Rakú' segundo Nigrán
- A cerámica do azar • Opinión • Galería
- Afinar no invento/Luthieres de vangarda
- Redeseñando o atlántico



Cada pequeno detalle, cada curva, cada matiz nas cores e na suxestión que crean as mans dos nosos artesáns e artesás, leva a pegada inimitable dunha tradición inspirada nunha terra onde cada recuncho respira beleza e calidade. En cada creación dos nosos artesáns e artesás atoparás a beleza dun país único. Galiza en estado puro.

GALIZA EN ESTADO PURO
www.artesaniadegalicia.org



limiar

É unha satisfacción para a Consellaría de Innovación e Industria poñer en marcha a revista *Obradoiro de artesanía*, unha publicación que nace coa pretensión de converterse nunha canle de comunicación co sector artesanal ao tempo que nun escaparate do seu traballo. Por mor do seu carácter semestral, pretendemos crear unha revista especializada, de consulta e de referencia, sobre calquera cuestión relacionada co sector artesanal galego, que vaia máis alá da información de actualidade. *Obradoiro de artesanía* será unha ferramenta de divulgación da heteroxeneidade do noso sector, no que os oficios tradicionais, a memoria histórica e o patrimonio cultural, os coñecementos herdados de xeración en xeración, conviven coas novas actividades artesanais e cos novos conceptos de artesanía relacionados co deseño e coa arte.

Así, en cada número de *Obradoiro de artesanía*, ademais de reportaxes e entrevistas sobre temas de interese, a artesanía tradicional ocupará un lugar destacado, no que se amosará de que xeito esta actividade se está a modernizar na actualidade, ben a partir de novas interpretacións da tradición, ben a partir da investigación ou da innovación aplicadas a este oficio. A nosa intención é amosar as dúas caras dos oficios artesanais en Galiza, de forma que poidamos presentar tanto a elaboración de pezas tradicionais como a aplicación destes procedementos ancestrais na elaboración de pezas contemporáneas, nas que se poña de manifesto a intervención das persoas artesás como autoras creativas. Ao mesmo tempo, en cada publicación haberá un espazo dedicado ás novas actividades artesás que van aparecendo en Galiza para responder ás novas necesidades da sociedade actual e ao noso novo modo de vida.

Obradoiro de artesanía reflectirá a heteroxeneidade do sector e ao mesmo tempo será unha porta aberta á promoción e á divulgación dos nosos artesáns e do seu traballo creativo entre a sociedade galega e en todo o mundo. Desde a Consellaría entendemos que a artesanía non é un compartimento estanco senón todo o contrario. Cada vez máis, comprobamos que é un sector dinámico e diverso que está en contacto continuo con outras disciplinas artísticas como a fotografía, a arquitectura, a moda, o deseño ou a escultura, por citar algunhas. Neste sentido, cómprenos destacar un espazo que agardamos se convirta nunha sección fixa para os vindeiros números, posto que supón un achegamento aos obradoiros artesáns en tanto obras artísticas susceptibles de expoñer as súas pezas en galerías de arte contemporánea.

En definitiva, a intención da Consellaría de Innovación e Industria é que a través desta publicación se divulgue a realidade do noso sector artesán no seu conxunto, fóra de prexuízos, de tópicos e de visións parciais. Un sector no que a tradición se combina coas novas miradas dos artesáns-creadores, coas súas visións artísticas, cos novos usos que requiren os consumidores e coas novas actividades artesanais que van aparecendo. Un sector heteroxéneo cuxo nexo de unión é a calidade do traballo artesanal ben feito, a garantía das pezas únicas, e o prestixio dunha marca baixo a que se presenta nos mercados de todo o mundo, o nome Artesanía de Galicia que os identifica.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conseleiro de Innovación e Industria

Expresión téxtil

4



Redeseñando o atlántico

72



Galería

45



Cicelar como estilo de vida

30



Fundido en vidro

10



O 'Rakú' segundo Nigrán

34



Opinión

44



A cerámica do azar

38



Afinar no invento/ luthiers de vangarda

61



Pezas mestras

15



obradoiro
de artesanía

A revista *Obradoiro de artesanía* está dispoñible en pdf na páxina web www.artesaniadegalicia.org

Edición
Dirección Xeral de Comercio
Consellaría de Innovación e Industria

Coordinación
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881999171 / 881999175 Fax 881999170
e-mail: centro.artesanias@xunta.es

Fotografía
Xoán Piñón
Manuel G. Vicente
Juan Carlos G. Franco
e contribucións dos artesáns

Deseño, realización e produción
Vermasmedios S. L.
Tel. 881 926 236
info@vermasmedios.com

Depósito Legal
111111111111

ARTESANÍA DE GALICIA

FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

o
s
u
m
a
r
i
o

Expresión téxtil



A cultura pop e a reconversión de iconas da identidade galega en divertidas reivindicacións de estilo urbano son os principais sinais de identidade da firma **Rei Zentolo**, que segue a crecer achegando a arte do grafismo á rúa e empregando modernas fórmulas do márketing para dar a coñecer os seus produtos. Todo en pleno auxe da moda das camisetas con mensaxe. Empezaron vendendo en festivais e feiras de artesanía. Agora teñen cinco tendas por toda Galiza e dúas novas liñas de negocio: Yobordo e Shirtgigolo.



Ironía gráfica



Mesmo o músico Iván Ferreiro sucumbiu aos encantos de Rei Zentolo, a firma de camisetas con mensaxe que está a revolucionar o deseño téxtil galego pola súa forma de mesturar a cultura pop coa retranscra galega. O ex *Piratas* triunfa por todo o Estado coa súa proposta musical levando as camisetas desta marca, que naceu en 2002 en Pontevedra e que, seis anos máis tarde, non fai máis que crecer. “A idea primixenia foi crear unha marca que rompese con todo o que había ata ese momento. Tentamos desde un primeiro momento facer algo que non existise no mercado, cunha estética e unha ideoloxía cultural concretas”, sinala José Miranda, un dos responsables de Rei Zentolo, quen engade: “Os nosos comezos foron bastante difíciles debido en grande parte a que os nosos produtos non tiñan un referente no mercado, e iso propiciaba un rexeitamento por parte das tendas, xa que eran en galego, e neste idioma non se vendía, algo que si acontecía co inglés ou co castelán”. Pouco a pouco, loitando contra os prexuízos e contra a primacía cultural anglosaxona e española no téxtil, lograron o apoio máis importante para acadar o éxito no seu campo: o da xente. Empezaron así na rúa antes de iniciar unha expansión baseada na tenda propia e na franquía e que os levou xa a ter presenza de marca na Coruña, en Compostela, en Carballo, en Vigo e en Pontevedra, así como en tendas multimarca de toda Galiza e mesmo doutras partes do Estado, onde xa teceron unha rede comercial para distribuír as súas propostas: “Tiñamos a proposta pero non podíamos chegar ao cliente final. Foi entón cando pensamos en introduci-lo por unha canle na que chegase directamente ao público.

“O PRIMEIRO QUE SE FAI É UNHA TORMENTA DE IDEAS ENTRE OS COMPOÑENTES DA EMPRESA. DESPOIS, UNHA BOA CRIBA PARA ESCOLLER OS QUE NOS PARECEN MÁIS APROVEITABLES PARA REALIZAR COMO IDEA ORIXINAL”

Comezamos así a ir por festivais e por feiras de artesanía cun carriño da compra, mesa de praia e tenda de campaña, o kit perfecto para comezar un proxecto empresarial sen subvencións autonómicas nin axudas de ningún tipo”.

Camisetas da cultura pop galega

Rei Zentolo xorde como idea de dous estudantes de Belas Artes que deciden darlle saída á súa creatividade levantando o seu propio obradoiro de camisetas e empregando a técnica da serigrafía. Atoparon un nicho no mercado que aínda non estaba cuberto: mensaxes baseadas na iconografía popular galega. Desde o polbo ou os pementos de Padrón ata figuras indiscutibles da nosa literatura ou do noso pensamento, como Rosalía ou Castelao, pasando pola lenda do lobishome ou polas traballadoras do mar, como as percebeiras... Galiza como berce de mitos que aínda tiñan moito que transmitirille aos mozos galegos. Así o describe José: “O éxito das nosas camisetas débese, en primeiro lugar, a que se trata dunha peza de roupa básica que todo o mundo usa e precisa para o día a día. Nós pensamos que funcionan ben polo feito de que é un produto no que a nosa clientela se ve identificada, como feito diferencialista e representativo de ser galego”.


Todo o catálogo de Rei Zentolo pódese consultar na súa páxina web www.reizentolo.com, que cumpre unha tripla función: informativa, de interacción co público e de tenda virtual. Alí pódense ver os seus deseños. Teñen chaveiros, chapas, roupa de bebé, cuncas e mesmo lentes,

pero as camisetas seguen a ser as súas pezas estrela. De feito, producen unha media de 5.000 mensuais, aínda que hai meses nos que alcanzan as 20.000.

O método artístico, a creatividade e o traballo en grupo seica son a clave do logrado resultado final. Hai todo un proceso desde o debuxo orixinal ata que a camiseta chega ao peito e ao lombo do cliente: “O primeiro que se fai é unha tormenta de ideas entre os compoñentes da empresa. Despois, unha boa criba para escoller os debuxos que nos parecen máis aproveitables para realizar como idea orixinal. O seguinte paso é facer os esbozos, e, nesta fase, aos que non lles vemos futuro como deseño definitivo deixámoslos no camiño, aparcados para futuras revisións. Como terceiro paso, maquéntase no ordenador, probando cores, composicións, tipos de letra... Xa por último fanse probas de estampado con tintas de serigrafía e con distintas cores para elixir os modelos definitivos que se incluírán nos catálogos”, explica José. Hai modelos de Rei Zentolo que son xa un clásico e que se locen en entrevistas televisivas, nas rúas ou en visitas ao estranxeiro co obxecto de sinalar: “Si, son galego”. Por exemplo, a camiseta que vincula a banda californiana Red Hot Chilli Peppers cos pementos de Padrón. Así naceu o lema “Little Green Hot Peppers from Padrón” (pementiños verdes e picantes de Padrón). Esta retranscra arredor de produtos culturais anglosaxóns dáse tamén na súa versión “warholizada” de Rosalía de Castro, emulando os retratos feitos a Marilyn Monroe en 1964 polo pope da cultura pop estadounidense, Andy Warhol. “Marilyn e Rosalía representan unha época cultural en concreto. As dúas son iconas representativas desas eras e as dúas evocan unha exaltación da muller independente e moderna. Por todo isto, convertéronse en dúas imaxes do pop”, engade José, que non dubida en depositar na carteira iconográfica galega, non sen certa ironía, a Xosé Ramón Gayoso, condutor do espazo televisivo Luar, que aínda que persoalmente non a representa, si é un “personaxe



Como se converte un debuxo nunha camiseta? Logo de traballar un concepto desde o punto de vista da ilustración, búscase a gama de cores máis adecuada para que a prenda final se axuste á idea inicial. Coller iconas da cultura europea e revisalas desde a óptica galega é unha das especialidades de Rei Zentolo.





de Galiza dos últimos quince anos". O zume que fai crecer a Rei Zentolo é o talento e non perder nunca o contacto coa rúa. Por iso están a renovar constantemente as súas propostas, aínda que os clásicos que funcionan sempre perduran: "Todas as marcas do mercado, cando teñen un modelo que se vende moi ben, tentan mantelo ata sacarlle o maior rendemento posible. Por exemplo, as empresas téxtiles manteñen un patrón ano tras ano se funciona ben. Loxicamente, cando vemos que se deixa de vender, intentamos retiralo do mercado. E facemos edicións limitadas, en produtos como a roupa de Yobordo, nos calcetíns ou nas cuncas".

"Vémonos coma os artistas do século XIX"

Os compoñentes de Rei Zentolo iniciaron a súa aventura cando aínda non tiñan traballo e o seu éxito serviulle de motivación a outros rapaces e rapazas que, coma eles, estaban planificando xa a emigración como saída de vida. "Foi un proceso de creación visto de preto por moita xente, co cal é normal que persoas sen traballo con ideas ou estudos de deseño pensasen despois en facer camisetas como maneira de saír para adiante no deserto", subliña José.

A pesar de que como empresa están a recoller enormes éxitos, teñen moi claro que son artistas do século XXI, capaces de adaptar a súa arte aos tempos que corren e aos soportes vangardistas, alén dunha simple fórmula comercial. "Vémonos como os artistas do século XIX, nos que non había unha diferenza entre arte e artesanía. Ata ben pouco predicaban esta mesma idea artistas como Chillida ou Picasso. Entendemos a artesanía como un traballo de investigación no taller onde hai que inventar cousas novas tanto a nivel formal coma no deseño ou no terreo ideolóxico".

Son críticos coa artesanía de hoxe en día, abocada, din, "a manterse lonxe do que podería e debería ser": "Pensamos que a artesanía está a sufrir un atraso de valores, porque se está a entender como algo asociado ao pasado que non pode nin debe evolucionar".

Eles son parte da xeración encargada de darlle un pulo á nova concepción do traballo manual.



Rei Zentolo é xa unha imaxe de marca propia con presenza en todo o Estado e algo máis ca unha empresa: é unha forma de entender a cultura de Galiza e as principais necesidades dos mozos galegos. Un mundo propio, a medio camiño entre a retranca e as belas artes.



O equipo de Yobordo elabora roupa para unha muller moderna, cun punto inxenuo e amante das cousas feitas á man e cun valor de durabilidade.



Esbozos e fíos. Material de traballo que serve de punto de partida para o equipo de Yobordo (na imaxe superior), que está a ofrecer pezas femininas sofisticadas, únicas e totalmente artesanais baseadas no mundo naïf e na imaxinación.

Eu bordo, ti bordas, ela borda...



Baixo o paraugas de Rei Zentolo naceron dúas marcas máis especializadas que queren abranguer outros públicos e complementar a filosofía creativa dos pontevedreses. "Yobordo (www.yobordo.com) xorde como proxecto de colaboración cunha compañeira de facultade de Belas Artes, onde todo o que se fai é integramente artesanal, ata a patronaxe. Pola súa parte, ShirtGigolo (www.shirtgigolo.com) nace para darlle resposta aos prexuízos que hai sobre o galego no Estado e, polo tanto, como medio de supervivencia dos nosos comerciais no Estado, porque se non estariamos condenados a non podermos vender fóra", argumenta José, quen engade: "Estamos traballando nesa dirección porque nós, en Rei Zentolo, entendemos que para sobrevivir hai que evolucionar constantemente e non conformarse co alcanzado. Ese é o camiño para non morrer e seguir vivo".

A historia de Yobordo remóntase a 2005, cando a santanderina Nieves Sierra, estudante de Belas Artes en Pontevedra, alíase con Rei Zentolo para sacar adiante unha firma de roupa feminina. Primeiro camisetas bordadas, despois saias, vestidos, camisas, ... Todo feito á man, con deseños debuxados previamente en plumiña pero cun resultado de prezo ao alcance da xente nova máis vangardista. A muller yobordo é orixinal, divertida e cun punto inxenuo, e as propostas da firma posúen un sinal de identidade: a frescura, tanto nos tecidos (la, algodón, pano, poliéster ou satén, ...) coma nas cores e nos motivos ornamentais, desde lazos ou paxaros ata caveiras, flores ou arcos da vella. Esta estética babydoll xa se exhibiu con enorme éxito por diferentes pasarelas europeas como Ego Cibeles ou a Semana da Moda Prêt-à-Porter de París.



UN EXTENSO EQUIPO DOTADO DE ATREVIMENTO

Camisetas e moito máis. Os espazos Rei Zentolo teñen vida propia e alí pódese atopar moda feita dun xeito artesanal e obxectos de regalo diferentes, sempre fieis á cultura de Galiza. O equipo de deseño de Rei Zentolo está composto por José, Juan, Pablo, Nieves, Jano e Kiko da Silva. Pero, xunto a eles, traballan na área de almacenaxe e de servizo do produto Óscar e Cote (con José), así como outras dúas na administración e na atención ao cliente (Salvador e Abilleira xunto a Jano). A eles habería que sumarlle o persoal das franquías, o do seu obradoiro de serigrafía e os encargados da comercialización do produto en Catalunya, en Asturias, en Cantabria, en Euskadi, en Aragón, no norte de Castela, en Valencia e en Murcia. En total, máis de vinte persoas entregadas a un proxecto: sacar adiante unha marca de identidade cultural galega que está a deixar pegada en todo o Estado.

O OBRADOIRO

- Enderezo da tenda principal:
rúa Dona Tareixa
Casco Vello-Pontevedra
- Teléfono: 986 856 844
- Páxinas web: www.reizentolo.com
www.yobordo.com
www.shirtgigolo.com



Fundido en vidro

O traballo artesanal en vidro, que ten a súa principal referencia nos mestres venecianos, goza dunha excelente saúde en Galiza. Proba disto é o traballo persoal e delicado de **Rosa Méndez**, quen, no seu pequeno obradoiro de Teo, preto de Santiago, transforma grandes pranchas deste material en pezas de xoiaría modernas e multifuncionais.

O traballo é a súa principal paixón e iso vese reflectido nas súas pezas, algunhas delas máis comerciais, como as coleccións de xoiás que cada seis meses lle ofrece á súa clientela, pero outras tan persoais que nin sequera adoptan unha función determinada: son simplemente harmónicas. Trátase de grandes artigos nos que Rosa Méndez traballa con cariño, os primeiros que lle ensina a un visitante cando se achega ao seu obradoiro. Obras de arte máis propias dun museo de artes decorativas que dun escaparate. “Non son pezas utilitarias ou non pretendo que o sexan. Son obras que che gustan, que tes na túa casa, como cando mercas un cadro ou unha figura... que che din algo ou que alegran a vista”, apunta a deseñadora galega. En efecto, Méndez manexa os volumes con especial sensibilidade e o resultado é un cristal que convida a facerse preguntas e a sentirse contagiado pola cor e pola fragilidade do vidro, que parece ser un anaco de xeo extraído da natureza.

O traballo desta artesá está moi centrado, con todo, na elaboración da súa oferta en xoiaría, presente cada tempada nas feiras internacionais de Madrid e de París, desde onde se incorpora ás vitrinas das xoiarías e das tendas especializadas en artesanía. “O meu traballo ten moita aceptación en Galiza, pero, sobre todo, en Francia ou en Barcelona. En cada lugar, ten máis éxito unha ou outra colección. En París ou en Barcelona, por exemplo, gustou moito unha serie feita con papel de xornal e per-

As barras de vidro que se poden ver na imaxe superior dan lugar a colares e outras xoiás grazas ao dominio da técnica do soprete, que desde hai oito anos é a especialidade da artesá Rosa Méndez.



Xunto coas pezas de xoiaría, Rosa Méndez elabora obxectos decorativos. A cor e as formas divertidas da súa proposta fana idónea para a xente máis nova.

Colar e brincos da serie *Burbullas* que Rosa Méndez ofrece no seu catálogo en varias cores e con distintos engastes en función das preferencias da clientela.



gameo, materiais pouco frecuentes no meu traballo, e que funciona moi ben nas tendas dos museos, pero que en Galiza se vende moito menos”, explica a artista, que iniciou a súa formación cos mellores especialistas en vidro artístico dos Estados Unidos, de Austria, de Holanda e de Italia. A traxectoria desta profesional con este material comezou no 2000 e así é como ela mesma lembra os seus inicios. “Coñecín o vidro por casualidade nunha escola que houbo en Galiza durante uns cinco anos aproximadamente. Dependía da escola de La Granja de San Ildefonso, a alí é onde sigo a ir hoxe en día para reciclarme e aprender novas cousas. Así que atopei o que se podía facer co cristal dixen: “Este é o meu sitio, quedo aquí, nesta materia”. A miña primeira profesora era italiana, ela ensinábame e eu estaba cada vez máis enganchada. Logo desta formación galega, continúe aprendendo en La Granja. Estiven estudando alí dous anos. Primeiro montei un obradoiro con outra xente e desde hai catro anos vivo do meu propio taller”.

Clasicismo, sempre pendente das tendencias

O traballo de Rosa Méndez xunta deseño, fabricación, comercialización e, tamén, un compromiso por crear cultura artesá. Por iso, ademais de seguir participando en encontros con outros profesionais do sector, imparte aulas a mozos que se inician no soprado e traballa porque se recoñeza o valor dunha peza única e feita á man nun mundo no que impera o consumo de produtos máis temporais e substitutivos. “Cando alguén leva á súa casa algo elaborado manualmente, porta algo especial e único. Antes mercábase máis con vistas ao futuro, agora non, por iso hai que

traballar cos mozos para inducilos a apostar pola artesanía. A idade inflúe moito neste recoñecemento polas pezas de calidade, pero é tamén positivo que a xente moza vaia aprendendo e distinguindo o que ten de xenuíno e de especial. O público francés, por exemplo, está máis afeito a valorar cando algo está realizado á man. Para eles é moi importante a persoa que estea detrás de cada colección”.

Brincos, colares, brazaletes, aneis... o vidro nunca perde o seu carácter protagonista con respecto á prata ou ao coiro, os principais soportes das pezas xélicas e coloreadas de Rosa Méndez. Adornos que, en ocasións, se fan a partir dun debuxo inicial, pero que, outras veces, xorden do contacto directo co lume.

A maioría das súas coleccións iniciais contan con tres ou catro pezas de cada modelo, pero as restantes realízanse por encargo dos distribuidores ou directamente da súa clientela, fans estables das súas xoias aos que cada vez se suman máis adeptos. Todas as series teñen o seu propio nome (Caramelos, Burbullas, Xeados, Barroca,...), en alusión á súa estética ou ao momento no que se fixeron.

De cada modelo, Rosa Méndez fai variantes, xogando coas cores ou cos materiais nos que van engarzados. E mentres sopra e funde o vidro, comparte as súas experiencias con outros profesionais aos que lles dá clase (anualmente, na Escola de Xoiaría de Madrid) ou dos que recibe novos coñecementos: “Este oficio é algo que levas dentro. Se che gusta traballar coas mans, en canto che poñen diante un material, toleas. Eu véxoo cando organizo un curso: en canto se lles delata o vidro, a xente empeza xa a traballalo con intensidade”.



“Tes que saír fóra e apostar”

●●●
En que medida estás pendente das modas, do que se fai no mundo téxtil para crear as túas coleccións de xoias?

Eu fago sempre dúas coleccións: unha de verán e outra de inverno, e agora estoulles subministrando ás tendas os pedidos do verán 2008 pero facendo xa probas de deseño para o vindeiro inverno. Sempre estou ao tanto das tendencias que se van levar na moda para facer as pezas ténndoas en conta, sobre todo nas cores. Se se levan os dourados, aplico os dourados, se se levan os vermellos, pois doulle máis presenza a esta cor.... No caso dos engastes, son case sempre adaptados ao vidro máis ca o vidro a eles. E no que respecta ás formas, a miña xoiaría é máis clásica e atemporal.

Como defines as túas xoias?

Son pezas doadas de combinar, que non complico demasiado e quedan ben con pezas de roupa moi diferentes. O vidro é o protagonista e procuro que sexan pezas grandes, pero que non pesen moito para sentirse cómodo con elas. As miñas xoias fan diferente calquera vestimenta ou, por exemplo, un traxe de chaqueta. Cando levas un dos meus colares o que destaca de ti é precisamente iso: o colar.

Como comercializas o teu traballo?

Ademais das feiras de Madrid e de París, que che permiten darlle saída ao traballo e compartir tamén cos compañeiros como evoluciona o sector e as principais novidades, para a venda sempre teño preparadas as miñas carpetas para ir ás feiras e para que o equipo de comerciais percorra as tendas. Ao obradoiro non te vén buscar ninguén. Neste negocio tes que saír fóra e apostar.

Fálanos da túa faceta como artista do vidro soprado. É moi habitual empregar esta técnica en Galiza?

Sempre traballo con vidro, desde os meus comezos, e aplícollelo a diferentes condicións técnicas. A xoiaría chega moito á xente e é o máis popular, pero o vidro dá moito máis de si. O vidro soprado, por exemplo, case non se fai en Galiza nin no resto do Estado. Para aprender teño que marchar fóra e aprendo principalmente con profesores estadounidenses. O meu soño sería, en realidade, traballar sempre vidro soprado. Pero non o comercializo, é o meu luxo. Polo de agora fágoo porque me gusta moitísimo, nunca o puxen á venda.



DE VENECIA A TEO

“Van pasando as coleccións, pero sempre quedo con algún recordo”. O traballo de Rosa Méndez é a mellor proba de que, cando un artesán obra, mesmo o xeo pode resultar cálido. O seu estilo entronca co italiano, especialmente co famoso cristal veneciano, pero as cores e as formas outórganlle personalidade propia. Pasa horas e horas no seu obradoiro de Teo, un espazo tranquilo onde practicamente vive para dedicarse a aquilo que, desde hai oito anos, a paixóna: sacar beleza da arte do soprete.

O OBRADOIRO

- **Enderezo:**
Vilar de Calo, 49
15895 Teo (A Coruña)
- **Teléfonos:** (34) 981 523 146
(34) 667 266 098
- **e-mail:** rosa@rosamendez.com
- **web:** www.rosamendez.com

Cal é a materia prima coa que traballas e de onde procede?

Emprego pranchas de vidro, pero non as merco aquí senón que fago un pedido cada tres meses aos Estados Unidos. No Estado faise moito vidro de ventá, pero non me permite acadar o que si obteño grazas a este material importado. Cómproo en diferentes grosores, cores, transparencias, opacos,... Teño un pequeno almacén coas pranchas e de aí paso directamente ao obradoiro para cortalas e traballalas.

Como empregas a técnica do soprete?

Esta técnica de soprete (mentres a explica, Rosa elabora unha peza, como se pode ver na fotografía) é a que empregan en Murano firmas do prestixio de Antica Murrina de Venecia. Así traballan o cristal os mestres venecianos, aínda que eu aprendín a través dun profesor francés. Cando está incandescente, o vidro parece xelatina e é nese momento cando ti podes estirallo ou moldealo, como por exemplo nos meus colares. Como base, sempre emprego varas de prata ou de aceiro e, por suposto, unhas boas lentes protectoras.

Como se fai a unión do vidro e da prata?

Para iso emprego unha lámpada de raios onde se pegan o vidro e a prata cunha cola especial que fai que non queden residuos. Deste xeito ambos os dous materiais parecen unha única peza, e non se perciben restos do pegado.

Que papel ten o coiro nas túas obras, como alternativa á prata?

A mestura de vidro e coiro é moi curiosa pero queda moi ben e gusta moitísimo, sobre todo a un público concreto de xente máis nova. Busco os cordóns de coiro máis adecuados para o vidro, xa que non todos quedan ben, e adquiros nunha casa especializada de Murcia.

Que situación atravesas actualmente o sector da artesanía en vidro?

Houbo un boom cando eu empecei a traballar o vidro no ano 2000 e agora pasou a un segundo plano, pero segue a conservar o seu público fiel. Xa non hai tantos obradoiros que o traballen. Peza grande, sobre todo vidreira, si hai moita, pero agora á xoiaría dedicámonos menos xente. Competimos con outros materiais e pedras preciosas, pero hai mercado para todos.

Pezas mestras


Os artesáns galegos miran cara ao presente reciclando o aprendido do pasado. É por iso que os asuntos que están na rúa, como a inmigración, a igualdade da muller, o respecto do ambiente e a cultura propia están presentes na filosofía das trece pezas seleccionadas polo xurado como finalistas na primeira edición dos premios Artesanía de Galicia, creados pola Consellaría de Innovación e Industria.

Igualdade, medio ambiente, reciclaxe, respecto polas persoas, pluralidade, diversidade cultural... Os premios Artesanía de Galicia, outorgados o pasado 13 de maio, distinguiron a toma de postura dos artesáns perante a sociedade cambiante e complexa da Galiza de 2008, onde a inmigración, o coidado do medio e a igualdade da muller son sinal de identidade. Pero, como non podía ser menos nuns premios que recoñecen o labor renovador dos creadores, á hora de elixir as pezas finalistas e gañadoras primou sobre todo o oficio e o dominio da técnica manual. Minuciosidade que, en ocasións roza o virtuosismo, coma no caso das dúas obras premiadas: o punteiro afinable, de Lis Latas, e as esculturas en granito “Transportiños” de David Soengas (premio Novos Creadores). Micropezas feitas con delicadeza e infinita paciencia pero sempre, e como sucede tamén coas outras once obras finalistas, desde o coñecemento da cultura galega. A primeira edición dos premios Artesanía de Galicia foi convocada pola Consellaría de Innovación e Industria co obxectivo de estimular o labor de creación dos artesáns galegos e, ao mesmo tempo, para contribuír a sensibilizar a sociedade sobre a importancia estratéxica do sector na dinamización tanto económica coma cultural de Galiza.

O xurado encargado de realizar a selección estivo presidido pola directora xeral de Comercio, Ana Rúa Souto, e contou coa xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Maruxa Ledo Arias, en calidade de secretaria. Os cinco vogais do xurado foron Xohán Viqueira, artista e mestre da Escola Superior de Cerámica de Manises (Valencia); o artesán e escultor Acisclo Manzano, membro da Real Academia de Belas Artes de Galicia; o crítico de arte Xosé Manuel Lens; o deseñador Antonio Ibáñez, e Begoña Bas López, membro do Museo do Pobo Galego e conservadora do Museo Arqueolóxico da Coruña.

A obra gañadora do premio principal, dorada con 10.000 euros, foi o “punteiro afinable” realizado por José Luis Latas Vilanova, artesán lugués especializado na gaita, grazas ao seu traballo de investigación para mellorar o enxeño responsable da afinación dun dos instrumentos máis emblemáticos da nosa música. O seu traballo foi realizado baixo o constante asesoramento do gaitero Pepe Vaamonde e está a revolucionar a gaita galega e a do resto do mundo celta. Esta peza, tal e como explicou o xurado, “aplica solucións prácticas e doadas para conseguir melloras na interpretación e na adaptación da gaita aos novos públicos, polo que se facilita a aprendizaxe e a práctica deste instrumento. Estas características son novidades que complementan o seguimento intelixente e contemporáneo do diálogo coa nosa historia, non só musical senón tamén cultural e creativa, claves incuestionables dunha artesanía de calidade e futuro”.

Na categoría Novos Creadores, cunha dotación de 4.000 euros, e dirixida a artesáns de menos de 35 anos, saíu elixida a peza decorativa en granito reciclado “Transportiños” de David Soengas Ben. O xurado resaltou que é; “un exercicio de readaptación e reciclaxe de compoñentes materiais, do significado e do fondo compoñente cultural que caracteriza a pedra en Galiza”. Aínda que estas dúas foron as obras gañadoras, unha rápida ollada polas trece pezas finalista amosa o dominio e a variedade de técnicas e de materias cos que os artesáns en Galiza se están a encontrar co público actual, remitíndoo sempre á orixes e levándoo da man desde o máis tradicional ata o futuro do sector no país.



finalistas e premiados



Premio Artesanía de Galicia

Título: Reprodución de rosetóns do románico galego
 Autora: Ana María Martínez Gómez

Título: De dúas en dúas
 Autor: Xabier de Sousa Alonso

Título: Cabra e paxaro
 Autor: Nacho Porto

Título: Versus Torque
 Autor: Sánchez-Cano Orfebres

Título: O punteiro afinable con copa de concerto
 Autor: Jose Luís Latas Vilanova
GAÑADOR

Premio Innovación

Título: Luz encorsetada
 Autora: Pilar López Cupero

Título: Lapis de cores
 Autora: María Silva Pérez

Título: Trioval
 Autora: Virginia Rodríguez Lorenzo

Título: Yerbera
 Autor: Victor Manuel Ares Ces

Título: A cor da terra
 Autor: Xabier de Sousa Alonso

Premio Novos Creadores

Título: O serán desta aldea
 Autora: Sabela Orgueira Viqueira

Título: Ceibalúa
 Autor: Oscar Barros García

Título: Transportiños
 Autor: David Soengas Ben
GAÑADOR

UN ALIADO CO FOLCLORE GALEGO

“O punteiro afinable con copa de concerto” é un enxeño que mellora a afinación do instrumento tradicional do folclore galego, mantendo a súa estética e solucionando asemade os problemas do frío e da calor, que lle restan estabilidade ao instrumento. Está construído en cinco pezas cónicas de madeira que se ensamblan “formando un só corpo regulable nos diferentes puntos de unión”. Está feito en madeira e polipenco; principalmente, con reforzos de metal (prata e latón) para protexer os cilindros de madeira e evitar a súa rotura e para decorar a peza, que leva incorporada unha copa de concerto que permite ampliar o rexistro de notas mediante un sistema de chaves.



Un enxeño que mellora a afinación do instrumento tradicional do folclore galego, mantendo a súa estética e solucionando asemade os problemas do frío e da calor.



DUALIDADE ANIMAL

Dúas pezas modeladas á man, unha grande de trece quilos e outra pequena de 250 gramos, conforman a proposta de “Cabra e paxaro”, un traballo feito en barro refractario (a máis grande) e arxila branca (a peza pequena) que se basea nos símbolos e que recorre á mitoloxía ancestral revisada baixo parámetros, símbolos e técnicas actuais.

O animal de dous corpos, un ser metade cabra e metade paxaro, quere “lembrarlle ao observador que na vida segue habendo cousas ás que merece a pena mirar con atención fronte aos cambios rápidos e superficiais da sociedade posmoderna”.



Na vida segue habendo cousas que merece a pena mirar con atención fronte aos cambios rápidos e superficiais da sociedade posmoderna.



TRAXECTO DE IDA E VOLTA

Emigrantes e inmigrantes, os galegos sabemos o que é marchar a gañar a vida e tamén o que é recibir a outros pobos que están a fuxir da fame, das guerras ou das ditaduras e que agora conviven connosco, así coma os que retornan da onda migratoria a Europa e Latinoamérica. “De dúas en dúas” emprega como técnica o gravado que, segundo sinala o seu artista, “comeza cunha idea creativa, unha imaxe que se plasma nunha matriz e que se reviste da cor do sentimento do autor, que se impregna no papel húmido e, de aí, ao tórculo para o seu resultado final”. Este resultado é, no caso desta obra, unha peza que se asemella a unha maleta con fotos de familia, lembranzas e ilusións... O mesmo que agora como sociedade nos corresponde dar a nós.

*Unha peza que se asemella a unha maleta con fotos de familia, lembranzas e ilusións...
O mesmo que agora como sociedade nos corresponde dar a nós.*





DESMONTANDO ESTEREOTIPOS

O mundo da moda e a creación de estereotipos arredor do corpo da muller é o tema que se agocha baixo a estética de **"Luz encorsetada"**, unha obra feita en ferro, arame, tea e PVC adhesivo e que representa un manequín como simboloxía de como se constrúe a fantasía masculina da feminidade. A autora colle obxectos cotiáns das nosas vidas, como un corpiño de muller e unha lámpada decorativa, que neste caso usa para crear o efecto da luz que se insinúa para seducir o espectador.

ROMÁNICO AO ALCANCE DA MAN

Empregando unha técnica do ano 2000 a. C., a fundición á cera perdida xunto coa ourivaría, as pezas que compoñen **"Colección de rosetóns do Románico galego"** destacan por chegar a pequena escala e para un uso cotián (a xoiaría) os rosetóns, elementos arquitectónicos do Románico galego dos séculos XI e XII. A súa realización en prata requiriu un laborioso estudo de campo polas principais igrexas deste estilo en Galiza, tomas fotográficas e debuxos previos, antes da elaboración dun prototipo para garantir a exactitude coa proposta dos arquitectos medievais.



Con ferro, arame, tea e PVC adhesivo como materiais representase un manequín como símbolo de como se constrúe a fantasía masculina da feminidade.

Os rosetóns, elementos arquitectónicos do Románico galego dos séculos XI e XII, interpretados a pequena escala e para un uso cotián.



CARÁCTER GALEGO

A obra gráfica "A cor da terra" quere remitir á idiosincrasia de Galiza, tendo en conta o medio, o clima, os problemas sociais e económicos así como a política no amplo sentido do termo: "todo aquilo que imprime carácter e fai medrar a homes e mulleres como seres vivos e racionais". Está feita en gravado sobre prancha de madeira e colografía e quere trasladar as singularidades da nosa terra e da nosa xente mediante a artesanía. Algo moi coherente co que é o gravado como obra de arte para o seu autor, que o define como "un reflexo da captación do sentimento, do carácter ou da atmosfera social que nos rodea e que supón unha fiestra aberta para axudarnos a desenvolver a nosa capacidade imaxinativa e de humanización".

Todo aquilo que imprime carácter e fai medrar a homes e mulleres como seres vivos e racionais.

ATRAPA A LÚA!

O conxunto "Ceibalúa" consta de dous brincos e dun colgante feitos en prata e perlas cultivadas. Está inspirado na observación da natureza e do ceo galego "nunha noite despexada na que a lúa andaba ceibe entre as estrelas". Mediante a técnica da ourivaría elabórase una peza de prata que parece unha gaiola na que se introduce a perla, xema preciosa que representa a lúa. Destaca o detallado proceso de elaboración, que dá como resultado unha xoía única e moi perfeccionada en cada un dos seus detalles.

Está inspirado na observación da natureza e do ceo galego "nunha noite despexada na que a lúa andaba ceibe entre as estrelas".



RECURSO ECOLÓXICO

Este testo de dous quilos, feito en gres polo método do “apertón”, está decorado con esmaltes de alta temperatura. Baixo a denominación de “**Yerbera**”, consta de dúas pezas: o recipiente para a terra e a tapa. Con este traballo, o seu autor alude ao problema da escaseza de auga e á necesidade de coidar este recurso natural. A tapa ten uns buratos a través dos que brotan as plantas, xa que, “sobre o terreo cuarteado característico das épocas de seca, albégase a esperanza do que podemos mellorar cando se ve nacer a herba entre a tapa”.



Sobre o terreo cuarteado característico das épocas de seca, albégase a esperanza do que podemos mellorar cando se ve nacer a herba entre a tapa.



Revisa este ornamento clásico en forma de ferradura aberta e propón unha estética máis actual e un uso do torques por parte da muller.



O CELTA FEMININO

A singularidade desta xoia de ourivaría, “**Versus Torque**”, está na reivindicación para o uso feminino desta distinción celta coa que se premiaban os guerreiros, coa que se remarcaba unha superioridade social ou se engalanaban os deuses, que incluían este adorno na súa vestimenta. Partindo do deseño tradicional das alfaias castrexas, revisa este ornamento clásico en forma de ferradura aberta e propón unha estética máis actual e un uso do torques por parte da muller, afastada da memoria histórica destas e das outras culturas que conformaron a Europa contemporánea. Destaca o uso ecléctico dos materiais: prata, ouro, acibeche e resorte de aceiro.



O lapis, coa súa asociación co mundo infantil e inocente, transfórmasse en

artesanía, como alternativa doutras materias primas máis nobres, coma os metais e as pedras preciosas

XOIAS DE LAPIS

Toda unha serie de xoiaría compón a obra "**Lapis de cores**", na que o artesán colle un produto común, coma o lapis, coa súa asociación co mundo infantil e inocente, e transfórmao en artesanía, fuxindo doutras materias primas máis nobres, coma os metais e as pedras preciosas. Entronca así con movementos da vangarda contemporánea coma o dadaísmo ou a cultura pop, que introduciron na arte os obxectos da rúa, provocando unha reflexión na crítica e nos consumidores de cultura. O xogo consta de brincos, colgante, agulla e pulseira e, xunto cos lapis de madeira e pintura, os materiais empregados son a prata de lei (que substitúe a mina de grafito) e cordóns de diferentes cores.



O OFICIO DO MAR

Mediante unha peza unisex, denominada "**Trioval**", recupérase a arte inspirada nos aparellos de pesca, en concreto nas nasas, facéndolle así unha homenaxe ao oficio no mar. Esta xoia lixeira (non chega a dezasete gramos de peso) destaca pola súa liña sinxela e pode ser usada por igual por homes e por mulleres. Consta de dez doas de prata fundida enfiadas nun cordón de seda. Cada doa está formada á súa vez por tres pezas en forma ovada, realizadas con fío de media cana e soldadas entre si.



Arte inspirada nos aparellos de pesca, en concreto nas nasas, facéndolle así unha homenaxe ao oficio no mar.





Unha homenaxe á pedra como recurso natural de enorme importancia para a economía galega.

OLLADA CARA Á MEMORIA

Pezas de cerámica sobre unha peaña de madeira de carballo que recrean unha escena festiva de oitos músicos que representan cos seus instrumentos e vestimentas unha época da historia de Galiza e as pegadas deixadas pola cultura no noso presente. A obra **“O serán desta aldea”** quere ser “unha nova visión da tradición popular reflectida na cerámica e no uso de materiais de calidade”. Como parte desá adaptación aos tempos actuais consiste en incluír intencionadamente a muller, que está representada en catro figuras dispostas na peaña de madeira de forma circular, e que, ao igual que o home, participa en igualdade na festa popular.



CAMIÑOS DE PEDRA

Nesta peza é moi importante o material, o granito, que neste caso é reciclado ao 100 % de entre os restos das canteiras, xa que está implícito o duro labor do artesan con este material e, ao mesmo tempo, unha homenaxe á pedra como recurso natural de enorme importancia para a economía galega.

Así, **“Transportiños”** é o resultado dun laborioso traballo de cantería a pequena escala a partir dunha pedra habitualmente empregada en pezas monumentais ou funcionais que, neste caso, se converte en recurso para a decoración e o interiorismo coa finalidade de transmitir un valor sentimental. O lema que move a actuación de David Soengas, o seu autor, é “non hai pedra dura senón canteiro brando”.



Unha nova visión da tradición popular reflectida na cerámica e no uso de materiais de calidade.

Cicelar como estilo de vida

Deseñar, fabricar e vender. Pero, sobre todo, vivir e adoptar como oficio aquel que se adapta ao seu concepto de vida. Hai toda unha filosofía de traballo e de honestidade detrás de cada peza de **Zimzelatum**.

Xoias que combinan a elegancia de sempre co minimalismo vangardista. Unha aposta pola crenza de que os grandes clásicos nunca fallan. E de que o perdurable agocha o valor da verdade.



Os brazaletes representativos do obradoiro Zimzelatum, á esquerda, xunto a un colgante e a un xogo de bríncos, que forman parte do seu catálogo tanto nas feiras internacionais e estatais coma nas tendas nas que distribúen o seu produto.

Para Rosa e Camilo a artesanía comezou como un xeito de vida. Pero agora as súas obras son unha excepción. A dedicación e a minuciosidade do seu traballo de ourivaría en prata, alpaca e latón fan de Zimzelatum un obradoiro de referencia en Galiza pola exclusividade dos seus obxectos, principalmente xoias e pezas decorativas. “Iniciámonos neste oficio a finais dos anos oitenta. Enfocamos o traballo como un xeito de vivir á marxe das necesidades, aprendendo de forma autodidacta. Máis ca un oficio, é unha maneira de vivir, unha forma de reinventarse”, explican desde o seu obradoiro en Vincios (Gondomar – Pontevedra), un espazo tranquilo, en contacto coa natureza que inspira un produto moderno e moi exquisito. De feito, a proximidade de Vigo convérteos no que eles mesmos definen como “artesáns urbanos”. “Facemos decoración e xoiaría, neste momento sobre todo esta última. Temos un catálogo estable que funciona, e mentres así sexa, habémolo seguir producindo, pero constantemente innovamos e engadimos pezas novas”. Comentan: “O ideal sería cambiar cada tempada a nosa oferta, pero non é posible xa que, por sorte, temos moita demanda que nos obriga a dedicarnos a repoñer moitas das pe-

zas e a ampliar o noso inventario para lle dar resposta ás feiras ás que acudimos con moita periodicidade”.

Deseños baseados no primixenio, na beleza da sinxeleza e da simboloxía celta. A grande achega de Zimzelatum está en manterse fieis ás liñas elementais e traballalas de forma totalmente artesanal, cun cicle e pouco máis.

“TEMOS UN CATÁLOGO ESTABLE QUE FUNCIONA, E MENTRES ASÍ SEXA, HABÉMOLO SEGUIR PRODUCINDO, PERO CONSTANTEMENTE INNOVAMOS E ENGADIMOS PEZAS NOVAS”.

O complemento “buque insignia” da firma pontevedresa son os seus famosos brazaletes, que seguen a ser solicitados polos seus principais clientes e que, como as restantes xoias, traballan en prata pulida, un material moi atemporal e sempre de moda, xunto ao latón, ás mesturas de latón e alpaca ou mesmo á combinación destes dous últimos materiais coa prata. Tamén o cobre e mesmo a madeira funcionan como materias ás que se incorporan puntualmente xemas preciosas como o coral ou a augamariña, coa finalidade de darlle un punto de cor. “A peza, en esencia, segue a ser a mesma. Temos un mercado amplo ao que queremos responder coa nosa filosofía de marca e nós mesmos encargámonos de todo: do deseño, da fabricación e de saír fóra para vender as pezas”, sinalan. Tamén os instrumentos de traballo son os de sempre. Diferentes aparellos para

tratar tecnicamente a ourivaría foron incorporándose; pouco a pouco, ao seu obradoiro, no que os deseños, os bocexos feitos previamente ou improvisados no metal, convértense en xoias mediante técnicas de ciclado ou machucado e cun adecuado manexo profesional do soprète, do martelo, do alicate, dos ciceis, da pulidora ou da máquina de microfusión, a última adquisición destes dous artesáns para fundir pequenas pezas de xoiaría, que, como todo o que producen, tamén se fan á man.

Osíxeno artístico

Como tantos artesáns, Zimzelatum comezou a súa andaina cun posto na rúa, neste caso en Vigo, na rúa Príncipe, pero en canto tiveron ocasión, Rosa e Camilo subiron ao carro da profesionalización, no seu caso co apoio da Asociación Galega de Artesáns (AGA), referencia no tecido asociativo do sector: “Cando se montou AGA, o noso taller tomou a decisión de ir avanzando e de evolucionar. O asociacionismo permitiunos non estar tanto na rúa e podernos centrar na produción. Foi unha decisión realista, acorde co mundo de hoxe en día e un paso para legalizar a nosa situación profesional e acceder ás axudas institucionais que supuxeron un pulo para a nosa actividade”.

Eles entraron na ourivaría como parte dun movemento sociocultural bohemio próximo á filosofía hippy, pero ven como os mozos do século XXI “saen das escolas cunha mentalidade industrial e teñen máis formación en economía e na empresa”. Nas variables de éxito do márketing, a súa principal forza é, sen dúbida, o produto. Agora contan cun catálogo de máis de 300 propostas ao que se engaden cada vez máis. “Cando innovamos cunha peza, gústanos que, unha vez feita, a xente mire e identifique a peza connosco e co que quixemos facer e transmitir con ela”, razoan Rosa e Camilo.

O necesario contacto co exterior, o zume da novidade e da actualidade dun mercado que está en constante cambio, atópao Zimzelatum nas feiras internacionais e estatais ás que acoden periodicamente, entre elas as de París, Milán, Londres ou Alemaña. Destacan sobre todo a de Francia, país onde “a artesanía está moi coidada e hai un enorme valor cultural e respecto por ela”. Estes escaparates permítenlles vender a súa obra durante todo o ano, en Europa pero tamén en Galiza, no Nadal ou no verán; así como “educar a xente no valor do feito á man, non só as persoas que compran senón tamén as que miran a mercancía”. Pero tamén aproveitan os mercados para xuntarse cos outros compañeiros. “Temos unha excelente relación con todo o gremio, todos nos levamos moi ben e iso é fundamental para aprender uns dos outros e para solucionar posibles dúbidas”, apuntan. O obradoiro de Zimzelatum é un valor seguro, unha aposta polas horas que pasan traballando o metal, o que se reflicte en pezas únicas que nunca pasan desapercibidas.



O TRIUNFO DOS CLÁSICOS

Rosa María González Alonso e Camilo Rodríguez Rial viviron unha etapa moi dura nos anos oitenta, pero grazas á súa capacidade de adaptación ao cambio pasaron de vender na rúa a profesionalizar o seu traballo, montar o seu propio negocio e ter unha importante rede de distribución en comercios galegos e do resto do Estado, así como en feiras de artesanía. “Cústanos vernos como empresa. Ao final, acabou sendo o noso traballo pero sen ser moi conscientes. Houbo unha época de resistencia pura e dura, pero agora xa o vemos claro”, explican.

A súa consolidación neste sector débese a unhas pezas aplicadas á xoiaría, ao regalo de empresa ou á decoración, nas que empregan formas primixenias da cultura tradicional galega e celta pero interpretadas para estar nas casas, nas mans ou nos pescozos dos amantes da boa xoiaría contemporánea. Aínda que innovan puntualmente, sobre todo nos obxectos decorativos, o seu repertorio baséase en clásicos cos que sempre triunfan.

O OBRADOIRO




Enderezo:
Vincios-Arcos, 5
36316 Gondomar (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 363 345
e-mail: zimzelatum@hotmail.com



○ ‘Rakú’ segundo Nigrán

(Á MEMORIA DE BERTO GONZALEZ POZA)



No xa afastado ano 1978, sendo estudante da Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Mestre Mateo en Santiago, vin unhas pezas de cerámica na Galería Sargadelos que me pareceron enigmáticas, coma se vagasen polo cosmos antes de chegar alí. Eran obras de Xabier Toubes e estaban realizadas na técnica de Rakú.

O destino quixo que en 1984 me iniciase nesta técnica na Escola de Cerámica de La Bisbal (Girona). Alí coñecín a historia, claves da técnica e procesos de algo coñecido por moitos como a antitécnica. Técnica extrema como o seu proceso, que só se pode amar ou odiar. Eu quedei co primeiro dos casos.

Despois chegaría Faenza (Italia), en 1986, onde, sobre todo, os procesos de cocción estaban moito máis evolucionados e de onde importei un forno lixeiro, versátil e barato, que cos anos habitaría todos os obradoiros e estudos dos Rakú practicantes por estas terras.

En 1989 comeza a apaixonante historia do Rakú segundo Nigrán. Emilia Guimeráns, profesora do obradoiro cerámico do concello de Nigrán; Miguel Mázquez, profesor de modelaxe e baleirado da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo; e mais eu, decidimos organizar unha semana de Rakú contemporáneo. Non foron doadas aquelas semanas frías e cálidas de decembro. Os anos foron pasando e as cores do Rakú personalizábanse “segundo Nigrán”. O vermello mentalizado, o verde ra ou aquela canción adaptada coa que Berto nos deleitaba:

“Tú tenías mucha “rasón”,
no me hace “redución”,
si no le echo SQ3 (sé-cu-tres)....
... Y volver, volver, volver....
a hacer Rakú otra “ves”

E as sedes cambiaban co inxusto peregrinar da súa escola, a Porquería, La Policía e Cotros.

En 1999 facíamos 10 anos, cousa difícil por estas terras, e cargados coa ilusión e coa alegría que comunica esta técnica, editabamos un pequeno libreto que recollía as peripecias habidas ata entón, obras de participantes e un cartel. Así mesmo, realizáranse multitude de cuncas que se lles ofrecían para a súa decoración a todas as persoas que acudían á convocatoria ou que simplemente pasaban por diante da escola.

Dos tres que iniciáramos aquela semana de Rakú contemporáneo xa só quedabamos dous, e sen o tesón e a enerxía que comunicaba Emilia Guimeráns dificilmente habíamos chegar ata aquí.



En 2002, con motivo dunha exposición que Emilia e mais eu tiñamos en Tokoname (Xapón), tivemos o privilexio de visitar a casa de Chojiro, fillo de Ameya en Quioto, considerado como o primeiro Rakú alá por 1550. Ver o primeiro forno empregado, os seus utensilios, a estadia e as súas cuncas, fixo que as pernas nos tremesen, e, no meu caso, tiveron unha sensación que só sentira antes ao ver unha exposición de Marcel Duchamp en Madrid nos 80. O que nunca soubemos, ou ninguén nolo puido aclarar, foi se Ameya emigrara a Xapón ou fora raptado como dicían os xaponeses xa que, polo contrario, os coreanos afirmaban que os xaponeses necesitaran a un compatriota seu para desenvolver unha das súas principais tradicións: “a cerimonia do té”.

En fin, xa o ideograma Rakú significa liberación, felicidade, gozo e satisfacción. E todo o que o rodea adoita ser máxico, como saído dunha fábula.

Neste ano 2008, no que chegamos á maioría de idade (cumprimos 18 anos), seguimos oficiando unha técnica que algúns cualificaron como un *happening* cerámico e que outros simplemente quixeron chamar o Rakú segundo Nigrán.


Vigo, 21 de maio de 2008
Miguel Vázquez Pérez
Profesor de cerámica da Escola
Municipal de Artes e Oficios de Vigo





Gozo, felicidade, pracer... Ese é o significado do termo 'Rakú' (樂). A historia desta técnica vén da man dun inmigrante coreano que chegou a Quioto técnica de cocción, empregada para realizar utensilios e cuncas para a cerimonia do té. Nigrán, en Pontevedra, conserva a tradición do Rakú e


(Xapón) en 1525. Chamábase Chojiro e está considerado o primeiro ceramista que empregou esta celebra anualmente no mes de xuño unha festa-encontro con grandes admiradores desta técnica.



'Pan' é unha das últimas propostas de Emilia Guimeráns, que está a dar a súa visión dos produtos básicos para a vida en gran formato. Así, representa o pan cun campo de mazarocas de porcelana en branco, empregando unha técnica de cerámica moi minimalista.

A cerámica do azar

Máis de trinta exposicións individuais e colectivas dan fe das achegas feitas pola escultora viguesa **Emilia Guimeráns** ao mundo da cerámica. Comezou a elaborar produción artesanal utilitaria e agora desenvolve un traballo fundamental na formación de novas xeracións desde a escola de Nigrán e no impulso de proxectos que, como a galería virtual Trasmontes, sirvan para que os ceramistas de Galiza traspasen, grazas á materia prima da terra, a fronteira da súa terra.



A arte da cerámica en Galiza está presente en todo o mundo (Xapón, a India, Nova York e Europa,...) grazas a un colectivo de profesionais que, desde as escolas de Vigo e Nigrán, imparten clases mentres nos seus obradoiros se cocen novas fórmulas para traspasar as fronteiras galegas. Galerías virtuais, recreacións do cerimonial do “Rakú” oriental, exposicións colectivas, viaxes de confraternidade e intercambio de sabedoría con mestres doutras culturas... Todo este esforzo tradúcese nun recoñecemento e, sobre todo, nunha pracenteira sensación de “facer as cousas como a un lle gusta”.

Así o sente Emilia Guimeráns, artista de Vigo que comezou elaborando cerámica utilitaria e cuxa obra está agora presente nos principais centros de arte que teñen en conta a achega cultural feita por esta disciplina milenaria. Guimeráns defínese como unha muller sen demasiado apego ás cousas e, para ela, o fin da arte está na elaboración da peza máis ca no resultado final do seu traballo. Este céntrase neste momento nunha obra de gran tamaño nunha temática moi baseada no primixenio e na natureza, tentando, “sempre que se pode”, simplificar ao máximo as cousas. O resultado é unha obra de beleza e moita intriga. “Pan, sal, luz, mar... agora estou recreando elementos e produtos básicos e vitais cun son monosílabo. O pan, por exemplo, está representado por un campo de trigo todo a base de mazarocas de porcelana branca. O sal é fundamental para a vida e recreo tamén con anacos de porcelana... Estou xogando con todas esas ideas”, conta.

A obra ‘Sal’ tamén forma parte da serie de elementos naturais na que traballa a escultora viguesa e está feita con anacos de porcelana branca.



À esquerda, unha visión do ‘top-manta’ que leva aos postos de venda nas feiras das aldeas. A flor é un dos elementos máis recorrentes na obra de Emilia Guimeráns tras o seu paso por Holanda e polo Xapón. A obra de abaixo é ‘Tócame y escúchame’, e simula chocallos que remiten a un son moi ancestral, “coma se estiveses no monte e baixasen todas as cabras”.

Máis de vinte anos de experiencia avalan a traxectoria desta artista, profesora na Escola de Cerámica de Nigrán (Pontevedra), recentemente nomeada membro da Academia Internacional de Cerámica, na que están representados os mellores profesionais do mundo nesta disciplina, e especializada en escultura orgánica. “Comecei cun traballo de produción de obxectos utilitarios, indo a feiras a vendelos. Pero cansei un pouco porque estás sometido a unha dinámica de comercio, de estar pendente do que lle interesa á xente, e tes que adaptarte ao que o cliente pide”. E subliña: “Eu son un pouquiño rebelde niso e optei por tentar facer o que me gustaba esquecendo se con iso ía vender máis ou non”. Foi así como Guimeráns atopou a fórmula de combinar as clases en Nigrán, ensinando o que mellor sabe facer e aprendendo tamén “da comunicación constante cos alumnos”, ao tempo que puido financiar a realización de obras nas que narrar aquilo “que che apetece máis contar”, xeralmente a súa visión da realidade contemporánea a partir da materia prima da terra.

Este xiro profesional non foi súbito, senón progresivo e grazas ao bo consello de persoas que lle ían dicindo: “por aquí non vas nada mal”. “Empecei a traballar formas non tan utilitarias e a envialas a concurso. Cando as elixían eu animábame”. Así, na Trienal de Porcelana de Nyon, fixeron unha escolma das súas propostas en dúas ocasións e tivo o privilexio de formar parte dun prestixioso concurso en Mino, Xapón. “Foi todo iso e os comentarios da xente o que me foi dando pautas para seguir escarvando e ver o que pasaba”, engade.

Grazas a unha bolsa do goberno holandés; practicou durante tres meses nun dos centros de cerámica máis importantes do mundo. Un espazo coa mellor tecnoloxía, fornos de todos os tipos e tamaños e obradoiros específicos de moldes, de madeira, de metalstaría... Alí tivo o seu propio estudio e puido consolidar os seus coñecementos na técnica cerámica, que primeiro perfeccionou para despois empregala na súa xusta medida e co fin da súa filosofía artística. “É importante coñecer a técnica como un vehículo para o que queres expresar. Pero non en todo o que fas tes que desprezar toda a técnica, nin hai por que ser un virtuoso. Na cerámica hai tantos procedementos e un preciosismo que, ao final, poden ser unha eiva porque te engaiolan. Eu penso que é mellor liberarse para contar mellor o que queres”.





Emilia Guimeráns foi nomeada recentemente membro da Academia Internacional de Cerámica e é unha das impulsoras de Trasmontes Virtual Gallery.

O influxo xaponés

No momento desta entrevista, Emilia descansa na súa casa de Vigo durante cinco días, expectante perante a viaxe que terá que facer á China para participar na súa primeira asemblea tras a súa elección como parte activa da Academia Internacional de Cerámica. Trátase dun país que quere investigar, ao igual que fixo co Xapón e coa India, onde estableceu contactos con mestres da disciplina cerámica e se imbuíu tamén dunha cultura allea, a asiática, pero na que achou un reflexo e moitas similitudes. “Síntome moi próxima aos xaponeses. Mesmo pensei que eran curmáns nosos”, sinala con ironía. “Alí, a cerámica está totalmente presente nas casas e as feiras de artesanía teñen un aspecto totalmente distinto: non hai *stands*, senón que a xente coloca a súa mercancía como se facía aquí antigamente, de forma natural, e podes ver ata dous quilómetros de postos. É un concepto que me resulta moi próximo precisamente nun país cunha imaxe tan distante”. Aínda que ao longo destas dúas décadas de oficio desenvolveu técnicas moi diferentes e foi abordando varias temáticas, o coñecemento da cerámica xaponesa deixou unha indiscutible pegada na obra de Guimeráns, para quen, cada vez con máis forza, na arte menos é sempre máis. A historia oriental desta artista galega tomou forma hai cinco anos, durante unha viaxe co tamén ceramista Miguel Vázquez para participar nunha exposición no Xapón: “Eu pensaba: que vou facer aquí, se este é o paraíso da cerámica? E fixen un traballo a partir das flores, que representan a natureza e é o que ti ofreces e regalas cando alguén te convida a un sitio ou cando hai unha celebración”. Así naceron unhas xornadas que acolle o concello de Nigrán co obxecto de que os artistas galegos poidan intercambiar coñecementos e técnicas con especialistas de Asia. “Logo deses mostras, fixemos o contacto para que viñeran ao primeiro encontro de cerámica que se organizou en Nigrán, baixo o título de *Japón, cerca de ti*, e ao que acudiron seis mestres. Queríamos que

fose plural, así que houbo un pouco de cerámica, pero tamén caligrafía, ikebana... artes representativas da cultura xaponesa”, explica. O segundo encontro foi con sete mestres da India, logo dunha viaxe de norte a sur en tren polo país para buscalos persoalmente a partir dun contacto inicial que tanto ela como Miguel Vázquez fixeran en Galiza. E todo parece indicar que a China será a terceira aventura e, en consecuencia, o terceiro país visitante destas reunións de traballo, nas que se lle dá un pulo á creatividade local e coas que se pon a investigación da cerámica en Galiza no mapa internacional.

O influxo oriental toma forma tamén cada ano nun encontro cerámico que ten lugar en Nigrán: a recreación galega dunha sesión de “Rakú”. “Coñeciamos a técnica porque Miguel Vázquez (un dos seus impulsores en Galiza) estivera en Italia e en Girona e descubriuna alí. Cando volveu e nola contou, dixemos: “imola probar”. Empezamos a experimentar e vimos que era espectacular e que o englobaba todo: os resultados e tamén o feito de ser moi participativa, xa que non o podes facer só, e promove a comunicación e convida a colaborar os uns cos outros. É como a labranza de antes, cando se sementaba o campo e entre todos os veciños había que botar unha man para a colleita. Iso xera todo un espírito”, describe Guimeráns, que ao longo da súa traxectoria mudou de estilos e mesmo alternou un uso forte da cor co branco total, pero segue fiel ao material da terra, “que dá para moito”, para toda unha vida artística.

O ‘Rakú’ está considerado a antitécnica porque, aínda que permite intuír o resultado, moitos elementos entran nun xogo aleatorio. Por iso esixe ter a mente moi aberta e saber ver dentro dese azar. Para Emilia Guimeráns trátase dunha técnica puntual no seu traballo, pero unha filosofía que lle gusta no día a día: “Intento aplicala sempre, ter obxectivos pero estar aberta ao que che ofrece a vida”.

“O COÑECEMENTO DA CERÁMICA XAPONESA DEIXOU UNHA INDISCUTIBLE PEGADA NA OBRA DE GUIMERÁNS, PARA QUEN, CADA VEZ CON MÁIS FORZA, NA ARTE MENOS É SEMPRE MÁIS”

TRASMONTES VIRTUAL GALLERY, UNHA PLATAFORMA DIXITAL PARA A CERÁMICA GALEGA

Na primavera de 2008, nunha exposición na Feira de Cerámica Contemporánea Aragón (CERCO, en Zaragoza), considerada a máis importante do Estado, presentouse en sociedade Trasmontes Virtual Gallery (<http://www.trasmontesvirtualgallery.com/>), unha galería virtual que nace para cubrir un oco existente en Galiza arredor desta disciplina artística e na que se expón a obra de Emilia Guimeráns, de Suso Dobao, de Marta Armada, de Javier Aguilera, de Miguel Vázquez e de Verónica Pérez. O proxecto iniciouse a través dunha posta en escena física, xa que os seis artistas levaron a súa obra máis recente a un dos *stands* da iniciativa, pero é principalmente unha forma de difusión baseada no mundo web. “Foi unha idea que xurdiu de forma espontánea ao sermos convidados a CERCO como galería. Xuntámonos seis en principio pero estamos vendo como darlle máis saída a esa idea, xa que realmente hai moita xente que está facendo cousas moi interesantes e que non se coñece”, afirma Emilia Guimeráns, quen engade: “Das escolas, como a de Vigo, está saíndo xente interesantísima que se dedica plenamente e fai exposicións a nivel alternativo. Entrar no sistema das galerías de arte profesionais é máis complexo. O mundo necesita de algo máis áxil e hai que desenvolver o enxeño. Trátase de que a Internet sexa a nosa plataforma, pero se a partir diso saen outras iniciativas ou posibilidades... pois serían benvidas”. Desde a e-galería, o colectivo Trasmontes Virtual Gallery quere tocar diferentes aspectos: máis realista, máis ácido e irónico, máis cómico, máis minimalista, máis pop... con artistas, todos eles galegos, pero de diferentes idades e estilos. “Á cerámica quedalle moito por contar. Xa está superado ese punto de que é só o porrón, pero aínda queda moito camiño por andar”, conclúe.



UNHA CERAMISTA ATÍPICA

Liberdade. Iso é o que busca cada vez máis Emilia Guimeráns, que se vai desprendendo pouco a pouco das cousas. “Traballei durante moitos anos no obradoiro de Miguel Vázquez, pero chegou un momento no que decidimos ter cada un o seu espazo e convertínme nunha ceramista atípica posto que o normal, cando xa levas detrás unha traxectoria, é que dispoñas dun estudio cun forno estupendo, pero eu teño moi pouquiño para obrar. A miña filosofía mudou: con pouco, tento facer o máis posible”. Así, Emilia Guimeráns cociña as ideas na súa casa de Vigo, un espazo bohemio, cheo de libros e cunha cociña con vestixios cerámicos, cada un coa súa historia. Tamén alí, onde xunto coas pezas da súa obra e cos materiais destaca un portátil de mesa a través do cal participa activamente no blog *La Barbotina* (<http://www.barbotina.blogspot.com/>), fai os bocexos das súas esculturas e amorea antigas obras. Cando xa ten unha idea clara do que quere construír, Emilia Guimeráns vai a un sitio onde teñan o forno e a maquinaria que lle fai falta. “Aquí, na casa, debuxo, teño un torno e se hai que facer algunha cousa convertí a miña casa nun obradoiro rapidamente”, subliña.

O OBRADOIRO

- e-mail: emily@trasmontesvirtualgallery.com
- web: www.trasmontesvirtualgallery.com/
www.barbotina.blogspot.com/

Aínda que na súa obra recente predomina a cor branca, o uso intencionado da cor forte para xerar sentimentos está presente en moitos dos seus traballos.

Lugares de encontro, límites diluídos

por Xosé Manuel Lens



Onde visualizamos os límites da creación? Onde se dispoñen os lugares que existen nas marxes, nos lindeiros dunha determinada faceta creativa? A relación que se establece entre a artesanía e as artes visuais serve de exemplo de caída de campos limítrofes, quedando sempre nun instante de fronteira diluída, de deliberado intercambio entre dous ámbitos, dous polos, de distancia relativa, con máis puntos de conexión que disensión. Situamos estes parágrafos para dispoñer unha serie de notas que ofrecen os puntos de ligazóns, limpan os camiños, hibridan facetas e achegan territorios nestes campos.

Lugares de encontros: atopamos o traballo manual como nexo relacionado co corpo, coa autoría. O exercicio realizado coa man sempre estivo presente no deseño e no desenvolvemento da obra de arte; a man do pintor manexando un pincel, modelando un fragmento de pedra ou un tronco de madeira, por iso non resulta casual que cando establecemos vínculos, cruzamentos, a acción da man queda como o principal factor de fronteira diluída neste encontro. Así descubrimos a Xabier Toubes, Helena Colmeiro ou Acisclo Manzano modelando a cerámica, afirmando a súa práctica nas linguaxes contemporáneas; a Carlos Rial ou Diego Santomé construíndo módulos de repetición autobiográfica; a Montse Rego ou Mónica Alonso interrogando anacos do cotián no corpo; a David Castro estruturando as partes non esenciais dun mobiliario para recrear posibles aparellos, obxectos. A creación móvese e goza nas fronteiras, na relación de propostas actuais que beben directamente dun diálogo co oficio, coa produción manual, relacionadas cunha actividade, empregando exercicios e dispositivos de resolución efectiva, creativa. Ignacio Basallo tamén relaciona os aparellos de labranza, Francisco Leiro reactualiza o traballo dos tallistas populares, e Silverio Ribas ou Manolo Paz mesmo potencian relacións co canteiro. Estes autores conseguen esvaeecer as liñas de fronteira, afirmando eses encontros nos límites, como sucede co traballo dos arquitectos que miran e relen a topografía cultural e asentan unha lectura crítica da tradición, dunha memoria que non se borra e sempre latexa detrás de labores, produtos e áreas. A perspectiva cultural non esquece o popular, sempre ten presente unha relación co territorio, coa cidadanía, coa colectividade, cos lugares e coas lembranzas, claves que constantemente se aplican e definen na creación actual.

Os nomes citados serven de exemplo, desde creadores galegos, desa dificultade de definir campos e, sobre todo, da inesgotable evolución dos termos artísticos, presenciando accións, posturas e manobras de achegamento ao territorio da artesanía, do deseño, por parte de moitos creadores contemporáneos. Un dos exemplos fundamentais neste posible percorrido que agora exemplificamos comeza na relación de cambios abertos que se desenvolveron desde as décadas finais do século XIX cos *Arts & Crafts* de William Morris, nunha procura de relación entre as artes potenciadas nun principio ético e estético, que viviron a súa plena expansión no Modernismo, nesa aplicación global, mesmo coa arquitectura. As vangardas do comezo do novo século trouxeron unha renovación de linguaxes e de condicións técnicas e sociais, da man de autores emblemáticos, e de xeito moi especial na Bauhaus, nese cruzamento de estratexias radicais de creación e de produción. Anos de cambio, de tránsito, nas artes e nas súas relacións sociais e económicas. Vivimos tamén o exilio do Laboratorio de Formas de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo e a singularidade de Sargadelos, mentres percorremos a segunda metade do século nas escolas escandinava e italiana para desembocar nas décadas finais do século. Tendencias que acreditan a inesgotable relación entre campos creativos, afectados ou friccionados desde os artistas, desde os deseñadores, desde os artesáns, co propósito de achegar forzas e concentrar as relacións dunha creación proxectada para ser útil, práctica, crítica co seu tempo e atenta ao lugar.

O presente, que se deriva entre a contaminación de linguaxes e referentes, adopta esta relación entre as diversas disciplinas, sempre nun diálogo co territorio que se encamiña a unha hibridación suxestiva. Afincando as súas relacións e bases no máis profundo do territorio, do social, apostando por unha renovación, unha continua mudanza de vocabularios e recursos recíprocos. Atopamos artistas que queren afianzar esa relación, abrindo canles de comunicación entre a artesanía e as artes, ou entre o artista e o artesán. Vínculos posibles, necesarios, atrevidos, mesmo indisciplinados, nos lugares contaminados.

galería

opinión

GALIZA NO MERCADO INTERNACIONAL

A internacionalización do sector artesan galego é un dos eixes básicos de actuación da Consellería de Innovación e Industria en materia de artesanía, para contribuír á introdución do produto artesan galego tanto no mercado estatal como no internacional. Neste sentido, a participación de Artesanía de Galicia en feiras de recoñecido prestixio brindalles aos artesáns a oportunidade de establecer contactos e abrir canles de distribución do seu traballo noutros países.

A presenza da marca nestas feiras realízase a través dun stand institucional de 200 metros cadrados que pode albergar espazo para 12 artesáns. O stand conta cunha estrutura modular que lle permite adaptarse ao número de artesáns que asisten a cada feira, así como ao espazo do que se dispoña. A Consellería, a través da Dirección Xeral de Comercio e da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, pon á disposición dos artesáns que acuden baixo o distintivo de Artesanía de Galicia persoal de apoio por parte da propia Fundación, persoal de mantemento do stand e tamén persoal especializado en comercialización que, no caso dos eventos de carácter internacional, presta ademais un servizo de tradución para os profesionais que acuden.

Cada artesán participante conta dentro do stand cunha zona individual de exposición e venda, de ser o caso, ademais dun almacén propio para as súas pezas. A Fundación encárgase de subvencionar o 75% dos custos de aluguer de cada espazo individual, do transporte e do seguro das pezas dos artesáns que acuden, e máis de proporcionarlles unha zona común dentro do stand.

No que vai de ano 2008, o stand institucional participou en L'Artigiano in fieri (Milán), Intergift e Iberjoya (Madrid), na Mostra Internacional de Artesanía de Florencia, na Feira de París e na Collectione-Tendance de Frankfurt. Nas seguintes páxinas pódese ver, a xeito de galería de arte, unha escolma das pezas que foron presentadas polos diferentes artesáns que participaron nestes eventos.

A presenza de Artesanía de Galicia en feiras de recoñecido prestixio forma parte do Plan de Actuacións Estratéxicas para a Artesanía para o período 2007-09, que foi presentado pola Consellería de Innovación e Industria a finais do ano 2007. O plan conta cun orzamento total de 12 millóns de euros, dos cales 9 millóns están destinados a actuacións relacionadas co impulso da comercialización no sector e, máis especialmente, coa potenciación da marca Artesanía de Galicia. En todas estas actuacións de internacionalización, hai sempre unha representación institucional que reforza a promoción do sector, ao tempo que permite establecer contactos coas distintas administracións públicas, fomentar os intercambios entre os sectores dos diferentes países e facilitar o beneficio comercial dos artesáns que participan. Deste xeito conseguimos que a marca Artesanía de Galicia actúe como un elemento identificador dos produtos artesanais galegos de calidade en todos os mercados.


Fotografías de "galería" realizadas por Xoán Piñón

rosa higuero

L'Artigiano in fieri, Milán 2007

Intergift, Madrid 2008

Feira de París, 2008





ana camba

Intergift, Madrid 2008
Collectione-Tendence, Frankfurt 2008

a feita

Iberjoya, Madrid 2008
Feira de Paris, 2008
Collectione-Tendence, Frankfurt 2008



augatinta

Intergift, Madrid 2008



druída

Intergift, Madrid 2008

Iberjoya, Madrid 2008





elisabeth salgado

L'Artigiano in fiera, Milán 2007
Intergift, Madrid 2008

ardentia

Iberjoya, Madrid 2008
Collectione-Tendence, Frankfurt 2008



cg taller de cristal reciclado

L'Artigiano in fiera, Milán 2007

Intergift, Madrid 2008

Feira de Paris, 2008



silvereira

Iberjoya, Madrid 2008

Collectione-Tendence, Frankfurt 2008

paca peca

Collectione-Tendence, Frankfurt 2008



ramón conde

Intergift, Madrid 2008





maysil

L'Artigiano in fiera, Milán 2007
Feira de París, 2008



regal cerámica

Intergift, Madrid 2008



Stand da Consellaría de Innovación e Industria para feiras internacionais.



No centro, a directora xeral de Comercio Ana M^a Rúa Souto e a directora xeral de Artesanía e Servizos da Rexión de Lombardía (Italia) Francesca Borgatto, acompañadas por dous representantes da Cámara de Comercio italiana, na feira de Milán.

Afinar
no invento

A modernidade chegou á gaita e, en xeral, a boa parte do sector da construción de instrumentos de Galiza grazas ás técnicas de I+D+i que, sempre desde o respecto polo medio, se están a aplicar nos obradoiros co obxecto de mellorar as calidades sonoras da nai dos instrumentos do país. O taller de **Lis Latas** en Lugo é un bo exemplo e coa invención do punteiro afinable deu un paso en firme para solucionar o trabalinguas da afinación.



2008 foi o ano do recoñecemento do punteiro afinable, un enxeño patentado catro anos antes e nacido no obradoiro-laboratorio de Lis Latas, lugués e amante do mundo da música galega, que, ademais de artesán, é director musical do grupo folk *Reviravolta*. Na súa fábrica o traballo repártese nun cincuenta por cento en facer gaitas e en investigar como melloralas co fin de achegarse ás necesidades reais dos músicos, tanto profesionais coma afeccionados, e en avanzar cientificamente en aspectos de afinación ou de ergonomía, entre outras melloras técnicas. Se na orixe da gaita moitas veces era o propio músico o que a elaboraba cun dominio limitado da técnica, co paso do tempo estes foron substituídos por construtores de oficio, co fin de que ensamblase mellor o seu son co dos restantes instrumentos e, principalmente, para lograr unha boa afinación, o punto feble da gaita fronte ás temperaturas extremas e na interpretación en orquestra ou en banda con outros instrumentos. Pero o contacto do fabricante co gaiteiro nunca desapareceu de todo, e o caso de Obradoiro Lis Latas é proba disto. Todos os seus instrumentos saen ao seu destino tras un rigoroso control de calidade feito polo gaiteiro Pepe Vaamonde, o coinventor do punteiro afinable, no seu afán por achar a pedra filosofal para acabar coa desafinación da gaita. Igual que fai coas gaitas que lles encargan, Vaamonde foi probando durante seis anos cada un dos prototipos do punteiro que Lis Latas e o seu equipo fabricaba, ata chegar ao aparello que en marzo de 2008 foi presentado en sociedade no Museo do Pobo Galego. Para a súa presentación oficial organizouse unha actuación que reuniu a Pepe, a seu irmán Suso Vaamonde, a Iván Costa, a Edelmiro Fernández, a Anxo Lois Pintos (de *Berrogüetto*), a Bruno Villamar, a Xosé Manuel Budiño e a Brais Monxardín. Xuntos tocaron *Farruquiña chama á porta*, para que o público presente puidese comprobar de primeira man a eficacia do invento, que consta de cinco pezas desmontables pero imperceptibles desde o exterior cando están unidas. “Foi especial ver tocar a oito músicos de tres xeracións diferentes co punteiro, sen ensaios previos, coma se tocasen xuntos de toda a vida. Un momento moi emocionante que non se dera nunca e que dificilmente se volverá repetir”, explica Xosé Luís Latas Vilanova, recente gañador do premio Artesanía de Galicia, outorgado pola Consellaría de Innovación, Industria e Comercio, grazas a esta peza. ●●●





Distintas fases da construción dunha gaita no obradoiro de Lis Latas, en Lugo, coma o traballo coa madeira e a elaboración de bocexos mediante ordenador.



Actuacións co punteiro afinable: Berrogüetto no teatro Rosalía de Castro da Coruña (foto superior) e imaxe do concerto de presentación do punteiro afinable no Museo do Pobo Galego en marzo de 2008.

Ata chegar ao modelo definitivo presentado en marzo de 2008 houbo anos de traballo, pero tamén un forte investimento económico de máis de 120.000 euros. Tamén bos momentos, que serviron de alento para seguir coa tarefa encomendada. Un deles, a concesión en 2004 do primeiro premio á Patente de Invencións, que abrangue calquera descubrimento en todo o Estado en calquera sector profesional. Recoñeciase así o enorme avance técnico que supoñía esta peza na historia instrumental galega.

O que coñecemos hoxe é un punteiro integrado por cinco partes que encaixan as unhas coas outras, capaz de vencer os problemas do frío e da calor. Xuntando ou separando as partes conséguese un son máis grave ou máis agudo. “Mediante este sistema, a responsabilidade da afinación deixa de depender exclusivamente da palleta, da temperatura e da construción, pasando así a poderse modificar en medio ton dependendo das necesidades do gaiteiro ou da gaiteira”, expón o artesán. Así, por exemplo, a 25 ou a 5 graos, a 0 ou a 18 graos, pódese garantir xa a afinación sen que inflúa a climatoloxía. E evítase ter que cambiar de punteiros de diferente tamaño, o cal resulta moito máis cómodo para o músico que vai de concerto.

Segundo Lis Latas, o aparello é adecuado tanto para os gaiteiros máis profesionais coma para os que teñen un nivel medio. “De feito”, sinala, “é máis complexo empallear un punteiro calquera ca un afinable”. O resultado deste novo invento pódese oír xa nos concertos de Berrogüetto, de Budiño ou de Pepe Vaamonde Grupo, e a súa morfoloxía e historia detallada está relatada na páxina web do obradoiro Latas: www.lislatas.com. Pero o traballo non rematou aínda, xa que o artesán lugués espera seguir achegándose cada vez máis á perfección que require a música actual. Con 37 anos, marcou unha folia de ruta investigadora que durará “ata que faga os 65”. E polo de agora está xa a traballar nun punteiro de concerto, pensando nun repertorio con orquestra sinfónica e

“LIS LATAS CRE NA NECESARIA SIMBIOSE ENTRE O MÚSICO E O ARTESÁN PARA MELLORAR E APOSTAR POR NOVOS RETOS NA CONSTRUCIÓN DA GAITA”



Dar co punteiro afinable non foi cousa de sorte nin de casualidade. A minuciosidade é o sinal de identidade do artesán lugués, que selecciona escurpulosamente as madeiras coas que traballa no seu taller, incorporou a informática para facer bocexos ou probas de son e tamén para responder os pedidos feitos desde fóra de Galiza, e fabrica aquelas ferramentas que non existen no mercado ou adapta as existentes ao que precisa para unha correcta manipulación da materia orixinal ata dar co instrumento exacto.

Lis Latas cre “na necesaria simbiose entre o músico e o artesán para mellorar e apostar por novos retos na construción da gaita”. Xunto con Vaamonde, no seu equipo destaca o traballo de súa irmá Marisa, que elabora o fol e a funda das gaitas baixo a premisa da comodidade. Entre o serrado da madeira e o enfundado; hai todo un proceso de fabricación, no que destaca o cilindrado e o posterior furado das pezas, a preparación das anelas, o lixado e o encerado, a preparación do punteiro, a apertura dos furados das diferentes notas e o atado do fol.

Unha vez montado o instrumento, iníciase o control de calidade e confírmase a estabilidade da madeira empregada, a correcta selección de palletas e pallóns e a comprobación técnica do timbre e da afinación.

Eureka!, chegou o punteiro!

O punteiro é a parte da gaita de aspecto semellante ao dunha fruta que produce a melodía. A súa fonte sonora é a palleta, dúas láminas cuxa vibración lle dá forza e harmonía sonora. Os creadores do novo mecanismo tiñano moi claro: calquera cambio que se fixese nel non podía alterar a acústica da gaita tradicional galega. “Cando empezamos a traballar, tiñamos claro que debía soar como un punteiro fixo e que era imprescindible manter a calidade e o timbre da gaita tradicional”, sinala o artesán. Con esta premisa de partida, Lis Latas e Pepe Vaamonde comezaron a investigar e foron moitas as pezas rexeitadas. “Descartamos moitos prototipos e elaboramos moitísimas medidas. De cada cambio que se decidía; saían ata cincuenta punteiros diferentes”.

Os músicos Pepe e Suso Varamonde proban dúas gaitas no obradoiro de Lis Latas.



de gaita, coro e orquestra. “Tamén queremos extrapolar o que xa temos a outras tonalidades. E seguir estudando para que a música galega siga avanzando”. Segundo recorda o artesán lugués, tras probar o punteiro afinable, Budiño declarou con entusiasmo que os galegos nos atopabamos co “mellor invento da música nos últimos cen anos”. Pero non é o único que está xa a gozar de éxitos grazas a este avance na técnica artesá-instrumental. Brais Monxardín foi o gañador da edición de 2007 do prestixioso premio de música tradicional galega *Constantino Bellón* interpretando co punteiro afinable unha muiñeira de creación propia (*Aires de San Martín*) e a *Suite número 3* de Bach. Nas súas propias palabras, o da Fonsagrada destacou entón que o invento lle permitira afinar dun xeito máis “rápido e preciso”.

Na comunidade musical celta, o punteiro afinable está a causar sensación. Os pedidos chegan de todo o mundo, mesmo de Irlanda, dos Estados Unidos, de Italia ou de Portugal. “Aos tres meses de iniciar a súa comercialización, no mes de marzo de 2008, xa se venderon cincuenta punteiros”, engade Lis Latas, que especifica que aos pedidos se lles dá resposta en cinco ou seis meses, “o mesmo tempo de elaboración artesanal que require facer unha gaita”. O invento marca un antes e un despois na historia da gaita, que xa se pode medir sen ningún risco con outros instrumentos caracterizados pola absoluta perfección de afinación, achegando o son e o timbre representativos do instrumento galego por excelencia.



- **Nome do obradoiro:** Obradoiro Lis
- **Localización:** Lis Latas Vilanova
Rúa Alvedro 28
27003 Lugo
- **Web:** www.lislatas.com
- **Contacto:** obradoiro@lislatas.com

SON DE LIS

Lis Latas naceu en Lugo en 1971 e forma parte dunha nova xeración de artesáns que están a compaxinar tradición e investigación, para adecuarse ás novas necesidades dos músicos galegos. O seu obradoiro está especializado na gaita, e as que el fabrica artesanalmente caracterízanse por ter un timbre especial e unha absoluta perfección técnica, así como un minucioso acabado e a beleza estética propia do instrumento galego por excelencia.

Amais do traballo diario, pódese dicir que é un home con sorte. Cando lle caeu ao chan un punteiro e rompeu en dúas partes, ao ensamblalas de novo e ver que se mantiña o son atopou unha hipótese inicial que o levou, seis anos despois, a converterse no creador do punteiro afinable. E esta peza está agora a revolucionar o mundo da gaita contemporánea.

O OBRADOIRO

Músicos e inventores. Os artesáns galegos están a recuperar antigas pezas das que apenas quedaban debuxos ou fotografías e que se perderon polo desuso ou por guerras ou conflitos. Aínda que a gaita segue a ser a protagonista, a percusión tradicional e a zanfona tamén están a ser rescatadas e evolucionan cara a pezas de bo manexo e fácil afinación pero manténdose fieis á tradición galega.

Luthieres de vangarda



Son varios os profesionais da artesanía de instrumentos que traballan desde Galiza para contrarrestar a exposición da gaita aos contrastes do frío e da calor, da humidade ou da seca que afectan a madeira e os anelados, pero sobre todo a palleta pola súa proximidade aos orificios do punteiro. O higtotapón, creado polo artesán Sito Carracedo, tamén ten como obxectivo vencer estas dificultades climatolóxicas para acadar a maior perfección posible na afinación. Neste caso, o aparello é un humidificador que consiste nunha vara cun depósito interior onde unha mecha empapada en auga lle proporciona humidade á palleta. Un depósito idóneo para climas secos ou cando se toca en locais con calefacción, aire acondicionado ou deshumidificadores.

Moitos dos artesáns que se dedican en Galiza á realización de instrumentos musicais teñen claro que a produción debe ir ligada á preservación da cultura popular e á súa transmisión e continuidade nos nosos tempos. Escritor, restaurador, fabricante e inventor, Carracedo é bo exemplo disto. Con 21 anos montou o seu primeiro obradoiro, onde constrúe gaitas, pitos, requintas e tamborís, logo de formarse co mestre Antón Corral, con quen aprendeu a tocar a gaita, a construíla e a facer palletas. Na actualidade elabora modelos de gaita tradicional galega pero, como parte do seu proceso de internacionalización, tamén as

doutros pobos de orixe celta, como a *small pipe* da rexión do norte de Inglaterra, a Northumbrian, ou a gaita escocesa *dudelsack*. Tamén está a recuperar artesanalmente instrumentos antigos, como a gaita de barquín (gaita do sur de Galiza que se deixou de usar hai un século), a *Sackpfeife*, de Alemaña, da que só se conservaban fotos e gravados; ou a gaita Veneta, pertencente á tradición italiana; e perdida tras a II Guerra Mundial.

Carracedo é un dos discípulos de Antón Corral, gaiteiro e construtor de gaitas de enorme popularidade, creador de toda unha escola, ao igual que Seivane. Ambos seguen a ser referentes para as novas xeracións e, no caso de Seivane, o seu obradoiro



de Cambre tamén está a investigar melloras na afinación, coma o *pallón Seipal*, elaborado para atopar estabilidade tonal en calquera condición de humidade e de temperatura. Xunto coa calidade dos seus instrumentos, Seivane modernizou as súas canles de venda e de distribución e conta coa posibilidade de encargar a través da web unha gaita á medida, escollendo peza por peza os elementos idóneos para as necesidades e para os gustos de cada cliente.

As madeiras empregadas na fabricación foron case sempre de árbores froiteiras, sendo a máis valorada a madeira de buxo. Hoxe, esta materia prima segue a ser empregada en moitos obradoiros tradicionais, como Musical JR, situado en Carballo, cuxas pezas se constrúen en buxo, pau rosa, pau santo, ébano ou granadillo, tratadas dun xeito natural. O que si evoluciona cada vez máis é a técnica e a maquinaria, aínda que a boa man do mestre artesán e o seu coñecemento dos prototipos históricos seguen a ser fundamentais para manter a calidade instrumental galega.

En canto ao deseño, perdura a esencia ornamental que vén marcada pola tradición, pero, como se sinala desde Obradoiro de Gaitas Seivane, as incrustacións de nácara e de prata e os anelados de alpaca ou prata, así coma un axuste dos torneados, achegan os instrumentos de sempre aos gustos máis actuais e permiten personalizar o instrumento para cada cliente.



Imaxe completa e detalle dunha zanfona do Obradoiro Xaneco, especializado na recuperación deste instrumento medieval europeo que deixou unha importante pegada na cultura galega.

A gaita non é o único instrumento tradicional galego nin o único no que traballan os artesáns galegos. Algún deles, como Xoán Manuel Tubio, **Xaneco**, ten como especialidade a percusión e do seu obradoiro saen tamborís ou bombos, fundamentais para acompañar as gaitas e as voces nos cuartetos de música tradicional galega, que animaban as festas antes da aparición das orquestras, e que seguen a ser demandados polos amantes da música tradicional galega.



Xoán Manuel Tubio, luthier do Obradoiro Xaneco

“A zanfona será sen dúbida o instrumento galego do século XXI”

Desde 1996, Xaneco traballa no seu obradoiro de Outeiro de Rei para equiparar o prestixio da percusión tradicional co da gaita, pero tamén para popularizar a zanfona. De grande beleza ornamental, este instrumento de orixe medieval chegou a Galiza a través do Camiño de Santiago. Está moi presente na iconografía galega, sendo representativa a súa presenza no Pórtico da Gloria, no que dous dos 24 anciáns tocan a zanfona, na clave do arco central. O obradoiro de Xaneco é un exemplo claro de como en Galiza conviven a modernidade e o respecto total dos métodos artesáns tradicionais.

☪ Que te levou a poñer en marcha o teu obradoiro en 1996?

A idea de poder vivir facendo instrumentos musicais empregados na música tradicional galega e, ao mesmo tempo, crear pezas que se axusten ás necesidades reais demandadas polos músicos profesionais na actualidade. Tamén me seduci a posibilidade de dedicarme dun xeito profesional á fabricación dun produto feito en Galiza, froito da sabedoría da tradición popular, e que contribúe a manter a nosa cultura musical viva no século XXI.

☪ Por que te especializaches na percusión e de onde sacas os modelos para construír as túas pezas?
Aprendín a tocar percusión tradicional galega, e no tempo en que comecei, a percusión tiña unha consideración inferior á gaita, tanto para

tocala coma para construíla. Moveume a intención de contribuír a elevar ese recoñecemento para os instrumentos e instrumentistas de percusión. Os modelos das miñas pezas son unha mestura entre as características e as medidas das pezas antigas cos propios modelos creados por min, tendo en conta os coñecementos que fun adquirindo das técnicas de *luthería*.

☪ Mantés a sonoridade e a estética dos instrumentos antigos ou estanse a adaptar as novas pezas ás demandas actuais dos músicos de hoxe en día? En que medida fas as túas propias adaptacións aos deseños?
Trato de conxugar as características estéticas e sonoras dos instrumentos antigos, coa sonoridade e coa estética que demandan os músicos





Distintas etapas de traballo coa madeira para facer instrumentos de percusión como a pandeireta ou o bombo.



Xaneco realiza de xeito totalmente artesanal as castañolas e os pandeiros, entre outros instrumentos da música tradicional galega.



actuais. Isto significa que calquera achega ou calquera elemento innovador que se poida incluír no instrumento, sempre ten unha relación coa nosa tradición. Todas as pezas que deseño, antes de producilas no obradoiro, teñen un importante traballo de elaboración particular que fai que sexan pezas únicas.

Que ten de especial a zanfona para un artesán especialista en instrumentación? Por un lado está a cuestión técnica da súa construción, que é moi complexa e laboriosa, e polo outro a carga simbólica que ten na nosa cultura. É todo un reto coller unha zanfona de douscentos anos, facerlle un profundo estudo e, a partir del, construír unha nova que se adapte ás necesidades dos músicos actuais, mantendo a esencia característica do son das zanfonas galegas. É unha sensación moi agradable facer un instrumento que procede da época en que o reino de Galiza tiña a súa lírica como unha das máis cultas da época, e era referencia fundamental en toda Europa. Tamén supón unha responsabilidade grande contribuír a que siga soando en Galiza durante outros tantos séculos

máis, cando menos, un instrumento que os cegos mantiveron vivo durante séculos xa que, grazas a eles, hoxe nós podemos facer zanfonas que teñen unha sonoridade particular.

É un instrumento moi demandado no século XXI? Cada vez hai máis mulleres e homes que se achegan a tocar a zanfona. Sen dúbida, será o instrumento galego deste século, así coma o XX foi o século da gaita.

Logo de doce anos, en que fase está o teu negocio e cales son os teus principais clientes e de onde proceden? Estou na fase de precisar un novo obradoiro que me permita aumentar a produción, pois teño unha demanda moi grande que no actual obradoiro xa non son quen de atender. Os clientes que teño na actualidade son moi variados: tanto traballo para unha asociación cultural de Galiza, que para músicos tradicionais, ou grupos folk, centros galegos (de Europa fundamentalmente), e mesmo músicos da Península que non teñen nada que ver coa

nosa música tradicional, pero que teñen en moi alta consideración os instrumentos que elaboramos en Galiza.

Hai moitos obradoiros artesanais en Europa onde se fagan zanfonas? Hai moita máis tradición do instrumento que aquí, xa que en Galiza practicamente houbo unha ruptura xeracional. Foi clave o traballo de recuperación de Faustino Santalices, coa publicación dun libro e dun disco sobre a zanfona galega a mediados do século vinte. Posiblemente, sen esta achega a zanfona estaría perdida en Galiza e non teríamos ningunha referencia sonora. En Francia isto non ocorreu, e alí a zanfona era a encargada de facer os bailes que aquí facía a gaita. Hoxe en día fanse en obradoiros artesanais practicamente de toda Europa (Portugal, Francia, Inglaterra, Austria, Italia, Hungría, países do Leste...) e fanse zanfonas de todas as formas e cores, con moitos elementos que as diferencian da nosa, tanto na súa morfoloxía coma no seu son.

Onde reside a súa complexidade técnica e

canto tempo de media pode levar a elaboración dunha peza?

É un instrumento que ten unha elevada complexidade de construción, pois son moitas pezas as que hai que facer dun xeito moi preciso para que todo o seu mecanismo funcione correctamente. O tempo que leva facer unha zanfona é arredor de dous meses a dedicación plena.

O teu traballo técnico leva da man un compromiso coa cultura e coa música galega. En que medida os artesáns colaborades cos propios músicos para facer o voso traballo? No meu obradoiro é fundamental o respecto pola cultura galega. Procuo que todos os meus produtos manteñan ese carácter diferencialista que posuímos. Coido que mantendo as nosas tradicións, mantemos a nosa existencia como pobo. Por outra banda, a simbiose entre o artesán e mais o músico é fundamental para un luthier. Sería imposible que os instrumentos que facemos mellorasen o seu funcionamento xeral sen escoitar as queixas ou as achegas dos músicos sobre os problemas de funcionamento que van atopando nos nosos instrumentos.



- **Nome do obradoiro:** Xaneco, Obradoiro de Instrumentos Musicais Galegos
- **Localización:** Xoán Manuel Tubio Fernández Barrio do Monte, 21 27150 Outeiro de Rei (Lugo)
- **Web:** www.xaneco.com
- **Contacto:** xaneco@wanadoo.es

ESPECIALISTA EN CORDA E PERCUSIÓN

Obradoiro Xaneco nace en 1996 para conxugar o estudo dos instrumentos antigos coas técnicas de construción de hoxe en día, estando en constante contacto cos músicos para coñecer as súas necesidades. Xaneco está especializado en instrumentos de percusión tradicional (tamborís, pandeiros, pandeiretas, bombos, castañolas, tarrañolas, baquetas, mazo, culleres, charrasco...) e zanfonas, que aprendeu a facer no obradoiro do luthier Xermán Arias de Sarria.

O OBRADOIRO

Redeseñando



o atlántico

O deseño atlántico está a cobrar forza na súa faceta máis industrial. Coller as peculiaridades de Galiza e aplicalas ao deseño gráfico, de produto ou de espazo é o labor de **Cenlitrosmetro cuadrado**, un estudio que desde xaneiro de 2007 traballa para atopar solucións integrais de imaxe para empresas e institucións galegas. A súa principal arma é conxugar a beleza coa funcionalidade.

Cada vez máis empresas apostan polo deseño industrial, unha disciplina de arte funcional que incide nos aspectos máis estéticos e humanistas dos produtos e dos obxectos producidos industrialmente. A firme aposta de Cenlitrosmetro cuadrado, empresa radicada en Santiago de Compostela, foi cubrir o baleiro existente en Galiza nesta materia e ofrecerlles solucións integrais ás empresas e ás institucións galegas. “Os tres socios da empresa [Manuel del Río Regos, Xabier Rilo e Ricardo Tubío] estudamos xuntos e vimos que había un nicho no mercado que non estaba cuberto e no que se podía traballar. Hai moitos gabinetes de deseño gráfico en Galiza, pero non de produto nin industrial. Nós queriamos traballar desde unha perspectiva moito máis interdisciplinaria para presentar máis do que ofrecían outros, partindo de que os vimbios do deseño veñen todos do mesmo sitio”, explican.

Este valor engadido vai desde outorgarlle ao cliente unha presenza gráfica (imaxe corporativa, *packaging*, regalos de empresa, dípticos, proxeccións audiovisuais, sinalética...) ata dotar de perspectiva social, emocional, ecolóxica e, ao mesmo tempo, práctica os seus interiores ou xerar unha reacción grazas á reinterpretación dun obxecto cotián, como unha caixa de agasallo ou o lazo dun diploma.


“Temos industria suficiente para facer deseño industrial, pero as empresas seguen a ser un pouco remisas a meterse neste tipo de proxectos, que supoñen un importante custo de produción. En Catalunya, por exemplo, hai unha cultura de deseño integrada na empresa que aquí é máis difícil de atopar”.

Polo de agora, un ano e medio despois do seu nacemento, Cenlitrosmetro cuadrado ten como principais ferramentas para achegarse aos clientes potenciais as visitas directas, o boca a boca e a súa páxina web (www.cenlitrosmetro cuadrado.com), que inclúe unha weblog para xerar debate e inqedanzas arredor da actualidade do deseño galego. “Partimos da idea de que hai un prexuízo e unha idea predeterminada do que somos os deseñadores que para nós é prexudicial porque nos ven como artistas e pensan que vas chegar alí, que lles vas propoñer un proxecto custoso e que pouco terá que ver co que eles necesitan. Por iso tes que dirixirte ao cliente con propostas individualizadas para as súas necesidades, sabendo que o que lles estás a propoñer é o máis correcto para a súa empresa nese momento e para o mercado no que se quere introducir ou que quere cativar. Á hora de presentar o noso traballo, explicámoslles tamén cal é a nosa forma de ver o seu traballo e de entender o que nos rodea”, sinalan.

Ese exercicio de contextualización parte dunha filosofía propia da empresa que se resume nun só concepto: o “deseño atlántico”. Consiste en entender cada proxecto desde o punto de vista de Galiza, do seu clima, ●●●



A 'Unidade Básica Atenuante de Morriña' é un proxecto que resume a filosofía de traballo de Cenlitrosmetro cuadrado. Trátase dunha caixa de regalo pensada para os mozos que están fóra de Galiza, ben estudando, ben traballando. Inclúe produtos da terra nun orixinal envoltorio que despois se pode converter nunha caixa decorativa para gardar cousas na casa.



da súa cultura, da idiosincrasia das súas xentes... Así o explica Manuel: "Queremos ser distintos, reflexionar doutra forma, porque nun mundo tan globalizado, que pensemos todos igual pode ser moi aburrido. O deseño case non ten identidade, ves un proxecto e non sabes se o fixo alguén de aquí ou doutro lado, cunha determinada bagaxe cultural ou con outra. No sitio onde nos criamos, Galiza, hai varios feitos diferenciais e igual que vives dun xeito definido, deseñas dunha determinada maneira. É algo inherente e lóxico".

Xogar cos materiais, chegar a un resultado

Imaxinar, estudar, probar e atopar o buscado. As fases creativas do equipo de Cenlitrosmetrocadrado pódense percibir no resultado final que se lle entrega ao cliente. Próbbase todo, fanse varios prototipos, cámbianse as cores, as tipografías, préganse os materiais ata achar o máis axeitado...

Así se pode ver nos seus traballos para a Fundación ProPatrimonio de Rois, que fai un labor de recuperación, catalogación e difusión do patrimonio. Na súa imaxe corporativa e aplicacións, así coma no tríptico promocional, emprégase a simboloxía con seres mitolóxicos que remiten á tradición oral.

Se o cliente expón unha necesidade, esta analízase para buscar a mellor das solucións. Nos Premios de Excelencia Académica 2007, outorgados pola Consellaría de Educación, achegaron unha metáfora do alumno como peza de progreso que, convertida en imaxe, se trasladou ao atril dos premios, ao audiovisual de fondo, ás invitacións, aos sobres, ás cartas, ao programa de man, e mesmo ao diploma, no que se substituíu o tradicional lazo por unha orixinal peza de feltro vermello.

"Non somos artesáns, pero gústanos moito traballar coas mans. E nos nosos produtos pódese percibir que hai un traballo manual. Temos unha concepción de moito respecto cara á artesanía", destacan.

A tradición reformulada

A organización por parte da Consellaría de Innovación e Industria do obradoiro *A tradición reformulada*, que tivo lugar na Fundación María Martínez Otero os días 10, 11 e 12 de xullo, supuxo un encontro entre a artesanía tradicional galega e o deseño industrial. Baixo o subtítulo de *O valor da artesanía no desenvolvemento do produto contemporáneo*, o mestre cesteiro Carlos Fontales e o equipo de Cenlitrosmetrocadrado, baixo a dirección de Martín Azúa, traballaron "nas posibilidades que teñen os procesos e materiais artesanais, e, en concreto, na disciplina da cestaría, nos ámbitos da cultura do proxecto contemporáneo". Así, vinte persoas do gremio da creación pertencentes ás disciplinas do deseño, da arquitectura e da artesanía tiveron ocasión de atopar posibilidades de colaborar. "A artesanía estivo durante decenas de miles de anos traballando dunha determinada forma e, desde hai douscentos anos, coa industrialización, experimentou un cambio moi brusco e mudou radicalmente", afirma Manuel del Río, quen engade: "Existiu unha evolución natural dos obxectos e da forma de vivir arredor deles, os distintos oficios. E, de súpeto, houbo unha crebadura moi fonda, tan grande que levamos 200 anos a voltas e aínda estamos descolocados. De pronto parece que a artesanía pasa a formar parte do pasado e que coa produción en serie e cos novos materiais está totalmente superada, algo que non é certo". Para os integrantes de Cenlitrosmetrocadrado, xunto a unha artesanía tradicional "que forma parte da bagaxe cultural de todos e que, polo tanto, cómpre estudar, entender e conservar, como conservamos a catedral de Santiago", un deseñador industrial de hoxe en día ten que "entender os procesos artesanais porque, á hora de facer desenvolvemento de produto, hai elementos de artesanía que si son extrapolables. Por exemplo, a forma de entender os materiais".



Á esquerda, exemplo de obra gráfica feita para unha campaña da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria sobre Riscos Laborais. Sobre estas liñas, tarxeta de visita que serve tamén de packaging dunha chocolatina para servir co café nunha presentación dos arquitectos composteláns.



Proxecto feito para os premios Excelencia Académica 2007: envoltorio do diploma, atril e audiovisual de fondo, para suxerir a idea de futuro e engranaxe do desenvolvemento de Galiza a partir do talento educativo e a enerxía que imprimen os propios alumnos.

ACHEGAR SOLUCIÓNS PARA QUE CHOVA PARA TODOS

Cenlitrosmetrocadrado naceu en xaneiro de 2007, aínda que os seus membros traballaban xa no mundo do deseño industrial desde a súa etapa de estudantes na Escola Universitaria de Deseño de Ferrol. O nome da empresa xorde da vocación identitaria do estudio. A choiva é neste caso o elemento presente na forma de vida de Galiza que lles serviu de inspiración para nomear o seu proxecto persoal. Entre os seus clientes están os concellos de Ames e de Rois, o Colexio de Arquitectos de Santiago, a Consellaría de Educación ou a Mesa pola Normalización Lingüística. Traballan en tres áreas principais: gráfica, deseño de produto e deseño de espazos.

O OBRADOIRO



Nome do obradoiro: Cenlitrosmetrocadrado

Integrantes: Xabier Rilo Calvo
Manuel del Río Regos
Ricardo Tubío Pazos

Enderezo: Rúa da Cruz de San Pedro, 11
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Web: www.cenlitrosmetrocadrado.com

Weblog: <http://1001m2.cenlitrosmetrocadrado.com/>

e-mail: M_cen@cenlitrosmetrocadrado.com

Teléfono: 981 576 771



Cada pequeno detalle, cada curva, cada matiz nas cores e na suxestión que crean as mans dos nosos artesáns e artesás, leva a pegada inimitable dunha tradición inspirada nunha terra onde cada recuncho respira beleza e calidade. En cada creación dos nosos artesáns e artesás atoparás a beleza dun país único. Galiza en estado puro.

GALIZA EN ESTADO PURO
www.artesaniadegalicia.org



moa

I MOSTRA DE ARTESANÍA
DE GALIZA '09

Ven e descubre o verdadeiro
significado da artesanía galega.

**I MOSTRA DE
ARTESANÍA DE GALIZA**
do 27 de febreiro ao 01 de marzo do 2009
Recinto feiral EXPOCORUÑA
Avda. Alfonso Molina, A Coruña
www.expcoruna.com
Máis información en: centro.artesania@xunta.es





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



**FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO**